

CENTROS EDUCATIVOS TRANSFORMADORES

Trazos e propostas para avanzar



MOVIMIENTO POLA
EDUCACIÓN TRANSFORMADORA
E A CIDADANÍA GLOBAL

Este documento é o resultado dun traballo colaborativo realizado entre os anos 2015 e 2018, xunto ao profesorado de Rede Transforma (InteRed), Rede de Educadores e Educadoras por unha Cidadanía Global (Oxfam Intermón), Rede Edukalboan (Alboan) e Rede Solidaria de Docentes (Entreculturas) que promoven o Movemento pola Educación Transformadora e a Cidadanía Global.

Como parte deste traballo colaborativo, atópase o Informe Final do proceso de sistematización de Experiencias de Educación Transformadora para a Cidadanía Global de Centros Educativos, realizado pola cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro Altekio, Iniciativas para a Sustentabilidade con Eva M^a Morales e Vanesa Sánchez Maldonado.

Elaboración do documento inicial: Instituto de Xestión da Innovación e do Coñecemento da Universidade Politécnica de Valencia.

Alejandra Boni e Begoña Arias.

Coordinación xeral: María Elena Oliveros Palomo (InteRed).

Autoría Equipo de Coordinación do Movemento ETCG:

Oxfam Intermón, Elisabet Santpere Baró.

InteRed, Guillermo Aguado de la Obra.

Entreculturas, Yénifer López Ramos.

ALBOAN, Ani Urretavizcaya Loinaz.

Diseño Gráfico Social: Pica Para Arriba.

Esta publicación forma parte dun convenio financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), 14-C01-642, "Movemento pola Educación Transformadora Global e a Cidadanía Global no eido da educación formal".

O contido desta publicación é responsabilidade exclusiva das entidades que forman parte do movemento pola Educación Transformadora e a Cidadanía Global e non reflicte necesariamente a opinión da AECID.

Centros Educativos Transformadores. Rasgos y propuestas para avanzar. Fundación Interead

Depósito legal: M-35988-2018

ISBN: 978-84-946423-8-8

Noviembre 2018



ÍNDICE

PRESENTACIÓN: UNHA PROPOSTA EDUCATIVA PARA O CAMBIO	05
--	-----------

CAPÍTULO 1: INTRODUCCIÓN	07
---------------------------------	-----------

1.1. O mundo cambia e a educación tamén	07
--	-----------

1.2. E agora...que? Educación Transformadora e para a Cidadanía Global como resposta	11
---	-----------

CAPÍTULO 2: CENTROS EDUCATIVOS TRANSFORMADORES. TRAZOS QUE OS DEFINEN	13
--	-----------

2.1. Trazos sobre a Cultura de Centro	16
--	-----------

Trazo 1: Orientado á Xustiza Global e aos Dereitos Humanos	18
--	----

Trazo 2: Equidade de Xénero e Coeducación	20
---	----

Trazo 3: Interculturalidade e Inclusión	22
---	----

Trazo 4: Participación	24
------------------------	----

Trazo 5: Desenrolo Sustentable	26
--------------------------------	----

2.2. Trazos sobre as claves pedagóxicas e as metodoloxías transformadoras	28
--	-----------

Trazo 6: Aprendizaxe socio emocional	30
--------------------------------------	----

Trazo 7: Aprendizaxe significativa-experiencial	32
---	----

Trazo 8: Metodoloxías críticas, reflexivas e colaborativas	34
--	----

Trazo 9: Prácticas para a Incidencia e a acción transformadora	36
--	----

Trazo 10: Avaliación que xera aprendizaxe e mellora	38
---	----

2.3. Trazos sobre a planificación e a organización do centro	40
---	-----------

Trazo 11: Currículo da Educación Transformadora para a Cidadanía Global	42
---	----

Trazo 12: Educación Transformadora para a Cidadanía Global presente en documentos estratéxicos	44
--	----

Trazo 13: Organización participativa e integradora	46
--	----

Trazo 14: Atento ás relacións de poder e de coidado	48
---	----

Trazo 15: Traballo coa entorna e en rede	50
--	----



CAPÍTULO 3: PASOS PARA AVANZAR COMO CENTRO EDUCATIVO TRANSFORMADOR 52

3.1. Poñémonos a soñar. Cativa e motiva	54
3.2. En que momento nos atopamos? A modo de diagnóstico	55
3.3. A onde queremos chegar? Deseñando o Plan de Acción	58
3.4. En Marcha! Execución e seguimento	62
3.5. A onde chegamos? Que conseguimos? Contraste e Avaliación	63
3.6. E celebrámolo! Comunicamos o avanzado para seguir cativando	64

ANEXOS: CAIXA DE FERRAMENTAS 65

1. Mural "Construción do soño colectivo"	65
2. Preguntas reflexivas para a revisión de centros educativos transformadores	66
3. Ficha Plan de Acción	71
4. Diario de Viaxe (Seguimento)	72
5. Elementos para sistematizar a experiencia vivida	73
6. Avaliación	76

EPÍLOGO: UNHA PROPOSTA DE INNOVACIÓN EDUCATIVA, CONSTRUÍDA DESDE A PRÁCTICA 79

OUTROS RECURSOS PARA SABER MÁIS 81



PRESENTACIÓN: UNHA PROPOSTA EDUCATIVA PARA O CAMBIO


Non existe unha forza transformadora máis poderosa cá educación para promover os dereitos humanos e a dignidade, erradicar a pobreza e lograr a sustentabilidade. Unha forza para construír un futuro mellor baseado na igualdade de dereitos e a xustiza social, o respecto pola diversidade cultural, a solidariedade internacional e a responsabilidade compartida, aspiracións que constitúen aspectos fundamentais da nosa humanidade común.

UNESCO «Reformular a educación. Cara a un ben común mundial?»

O mundo cambia a un ritmo cada vez máis acelerado e, con el, a educación tamén debe evolucionar se quere dar resposta aos novos retos que como sociedade enfrontamos a nivel global.

Vivimos nun sistema frenético baseado nun modelo de vida económica e ecoloxicamente non sustentable, que nos reta como cidadás e cidadáns do mundo, como sociedade global, a reaccionar e atopar alternativas que garantan unha vida digna e sustentable para todas as persoas e para o planeta.

Repensar as formas de vida, os modelos de cidadanía, implica necesariamente repensar a educación de xeito ambicioso e formular unha visión ao respecto. Para iso, cremos que é importante que desde diferentes espazos, organizacións, institucións e persoas do sector social e educativo reflexionemos e debatamos neste sentido, co obxectivo común de construír alternativas. Este é un dos propósitos desta publicación: achegar unha proposta que contribúa á reflexión e ao debate sobre novos modelos educativos, para xerar novos modelos de cidadanía, dirixida ás persoas que desde os centros educativos se enfrontan a esta retadora tarefa.




Nas túas mans tes o resultado dun traballo colaborativo realizado xunto ao profesorado de Rede Transforma (InteRed), Rede de Educadores e Educadoras por unha Cidadanía Global (Oxfam Intermón), Rede Edukalboan (ALBOAN) e Rede Solidaria de Docentes (Entreculturas), redes e entidades que xuntas promoven o **Movemento pola Educación Transformadora e a Cidadanía Global** que aposta pola Educación para a Cidadanía Global, un elemento en permanente construción e cambio, ao igual que a sociedade.

Con esta proposta queremos achegar un valor engadido aos debates sobre os novos modelos de ensinanza-aprendizaxe que a comunidade internacional presenta para a educación do futuro, debuxando un horizonte educativo que poña medios e metodoloxías ao servizo dun fin máis humanista e sustentable, e ofrecendo novas propostas que poidan seren reproducidas e que se poidan xerar no sistema escolar actual, coas súas limitacións e as súas posibilidades.

Gustaríanos que este documento fora usado como unha guía orientadora e inspiradora para docentes e equipos directivos que queiran avanzar cara á implementación desta ollada educativa nos seus centros e nas súas aulas. Para iso, nestas páxinas atoparedes un breve marco cos fundamentos teóricos que sustentan a proposta da Educación Transformadora para a Cidadanía Global, así como un listado deses «trazos» ou elementos que detectamos como definitorios dun centro educativo transformador, e que presentaremos en tres bloques ou eidos que afectan á vida dos centros escolares: a cultura de centro (referida á misión, visión e valores), as claves pedagóxicas e metodoloxías transformadoras (referidas ás prácticas educativas que se desenrolan) e as políticas do centro (referidas á planificación e organización do centro). Por último, atoparedes unha proposta de aplicación práctica para que vos axude a deseñar o voso propio camiño para avanzar sen fin cara a ese horizonte educativo que é o Centro Educador Transformador para a Cidadanía Global.

Boa viaxe!



CAPÍTULO 1: INTRODUCCIÓN

1.1

O MUNDO CAMBIA E A EDUCACIÓN TAMÉN

¿EDUCAR PARA QUE MUNDO?

As sociedades actuais están máis conectadas ca nunca por mor dun proceso crecente de globalización a todos os niveis, que se traduce en fenómenos con gran impacto social e medio ambiental, e que afectan á vida sustentable e á convivencia pacífica neste planeta.

Nunca como agora houbo no mundo tantos desprazamentos globais de poboación nin, á súa vez, sociedades tan diversas e plurais. De igual xeito, nunca antes experimentáramos cambios no clima e no medio ambiente tan rápidos e extremos, nin unha distribución da riqueza tan desigual que condenase á pobreza á gran maioría da poboación mundial.

O aumento exponencial da poboación nos últimos 100 anos e as bases nas que asentamos o noso sistema de vida, o noso sistema produtivo, de consumo e de valores levaron ao medio ambiente a unha situación de emerxencia que debemos afrontar de xeito local e global. Un sistema que perpetúa perversas dinámicas de poder que condenan a grandes sectores da sociedade á discriminación e á exclusión sistemática, como as mulleres, que seguen sufrindo as maiores taxas de violencia física, cultural e estrutural a nivel mundial.

Neste contexto no que a intolerancia e os conflitos persisten, o Movemento pola Educación Transformadora e a Cidadanía Global súmase aos esforzos dos moitos e moitas que están comprometidos coa defensa dos dereitos humanos, e coa consecución de maiores cotas de xustiza social que garantan unha vida digna para todas as persoas.

Outro mundo é posible. Podemos vivir doutros xeitos, máis sustentables e inclusivos. As dificultades son complexas, pero os actuais coñecementos científicos e técnicos permitirían solucionar moitos dos problemas aos que nos enfrontamos, se existira unha vontade política para facelo. A educación debe servir para aprender a vivir nun planeta con forte presión demográfica, social, económica e medio ambiental. Por iso, definir a aprendizaxe do futuro nun mundo cada vez máis globalizado implica repensar todos os eidos que afectan ao modelo educativo e preguntarse:



Educación para que?
Como debe ser a educación para facer fronte aos retos do século XXI?
Como debería organizarse a aprendizaxe capaz de xerar unha
ciudadanía competente e socialmente responsable no novo
contexto social?

INNOVACIÓN EDUCATIVA, CON QUE FIN? NOVOS RETOS, NOVAS ESTRATEXIAS, NOVOS RESULTADOS

As problemáticas do mundo, coma as descritas anteriormente, son retos globais, pero con efectos tamén locais, que condicionan a realidade das xeracións presentes e futuras que van necesitar recursos e ferramentas para enfrontalos da mellor maneira posible para conseguir unha vida digna e sustentable.

Ante o actual contexto de debates e propostas de innovación educativa, cabe deterse un segundo e preguntarse: innovar para que? Saber con que obxectivo educamos será a clave fundamental á hora de repensar o modelo educativo, tanto a nivel de contidos, políticas e metodoloxías que deben ir sempre en consonancia co obxectivo educativo final.

Nun contexto no que o político está un tanto inxuriado, recuperamos o sentido orixinario do termo grego politik (da polis) que significa «de, para ou relacionado coa cidadanía». E desde este sentido afirmamos e lembramos que a educación, como ferramenta de construción social, nunca é neutral e sempre foi, é e será política, tendo a construción de suxeitos políticos, é dicir, de «cidadáns» socialmente responsables, como o seu fin último. Máis alá do éxito persoal e da concorrència laboral, reorientar o fin educativo para que afronte de xeito colectivo e incluso os retos que como cidadáns do mundo encaramos, convértese á súa vez nunha oportunidade de xerar novos modelos de relación, produción, consumo... capaces de crear sociedades máis equitativas e sustentables.

Como importantísimo elemento de socialización que é, a educación pode contribuír a reproducir un sistema de organización, coñecementos, valores e actitudes que reforce un sistema inxusto ou, pola contra, converterse nun instrumento para potenciar persoas críticas e comprometidas na transformación dunha sociedade máis xusta, máis igualitaria, sustentable e, en definitiva, máis feliz.

QUE RETOS ENFRONTA A EDUCACIÓN A NIVEL GLOBAL? A AXENDA 2030, COMPROMISO DA COMUNIDADE INTERNACIONAL, RESPONSABILIDADE DE TODAS E TODOS

A educación é un dereito humano e un elemento primordial nos esforzos por xestionar os cambios que vive a sociedade e transformar o mundo no que vivimos. Así o entende a Comunidade Internacional e así o expresa a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable (ODS) aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en setembro do 2015.

Dentro do amplo eido de acción da Axenda, establécese un obxectivo específico para educación (ODS 4) dividido en 7 metas para tratar de dar resposta aos retos educativos globais.

ODS.4 Educación de calidade. Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe ao longo da vida para todos.

A axenda une explicitamente a educación como elemento fundamental de desenvolvemento, e enfatiza o seu enfoque transformador. Por iso, na súa meta 4.7, fai un chamamento a que, no currículo e nas prácticas de ensinanza e de avaliación, se integre a educación para a cidadanía global, o desenvolvemento sustentable e a igualdade de xénero. Asemade, establece como indicador de mellora a súa inclusión nas políticas nacionais de educación, nos contidos dos plans de estudo, na formación de docentes e na avaliación do alumnado.

Meta 4.7. De aquí a 2030, asegurar que todos os alumnos adquiren os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sustentable, entre outras cousas mediante a educación para o desenvolvemento sustentable e os estilos de vida sustentables, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción dunha cultura de paz e non violencia, a cidadanía mundial e a valoración da diversidade cultural e a contribución da cultura ao desenvolvemento sustentable.

Con estes compromisos internacionais, todos os países están obrigados a trasladar os obxectivos acordados ao eido nacional, e a convertelos en guías para a política pública social, económica e educativa. Resulta importantísimo que teñamos en conta que este deber non só implica aos gobernos, senón que tamén interpela a unha ampla diversidade de actores (tanto privados como da sociedade civil) e que, en concreto, obriga a toda a comunidade educativa a exercer as nosas responsabilidades á hora de promover un desenvolvemento sustentable para o planeta e para as persoas.



O contexto internacional inflúe no desenrolo curricular dos países do mundo e abre así as portas á implementación dun novo paradigma educativo, que resalte a importancia da educación como destreza básica para a vida digna e sustentable, e converta a educación global na nova educación cívica necesaria para o século XXI.

COMO FORMAMOS EN CIDADANÍA GLOBAL? COMPETENCIAS PARA VIVIR NUN MUNDO XUSTO E SUSTENTABLE

Como consecuencia deste proceso de globalización xeneralizada, cada vez é máis común que as persoas teñamos que traballar, educar, socializar e convivir con outras persoas de crenzas, culturas, costumes sociais e visións distintas. Ademais, as nosas accións individuais e colectivas teñen un efecto maior fóra das nosas fronteiras, e debemos pensar nos efectos que os nosos actos teñen a nivel global e local. Por outro lado, a realidade actual presenta cada vez máis contextos profesionais, educativos e de lecer (presenciais e virtuais) de natureza multicultural, e nos que a tolerancia e o respecto se converten en factores clave para atopar solucións comúns, diminuír a violencia e respectar as diferenzas, de maneira que se mellore a convivencia no mundo.

Ter unha visión máis humanista da educación, entendéndoa como ben común esencial, é a proposta da comunidade internacional para dar resposta ás profundas presións e transformacións que experimentan as sociedades de todo o planeta e xerar alternativas de vida e desenrolo.


No marco competencial implantado no traballo educativo, máis alá dos esforzos en adquirir e avaliar competencias científicas ou lingüísticas, é necesario ter en conta os efectos da globalización e integrar estes aspectos nos procesos educativos. Para iso, será necesario centrarse nas entornas e novos enfoques da aprendizaxe que promovan a xustiza, a equidade social e a solidariedade a nivel local e mundial.

Neste sentido, desde o ano 2018 a OCDE incorporou no PISA (Programa Internacional de Avaliación de Estudantes) a Competencia Global, que busca avaliar a capacidade dunha persoa para enfrontarse a problemas e situacións globais, locais ou interconectadas, interactuando con respecto, dignidade e responsabilidade e buscando a sustentabilidade e o benestar. Un primeiro paso que os distintos actores que traballamos no eido educativo deberemos reflexionar, traballar e completar a medida que avanzamos no desenrolo desta nova ollada educativa, orientada á construción dunha sociedade global máis xusta e sustentable.



1.2. E AGORA...QUE? EDUCACIÓN TRANSFORMADORA PARA A CIDADANÍA GLOBAL COMO RESPUESTA

A promoción dunha educación capaz de xerar novas formas de cidadanía máis respectuosas cos dereitos humanos e co planeta é, desde fai tempo, unha preocupación dalgúns sectores do eido social e educativo, ligados ao mundo da solidariedade e a cooperación. Trataríase de exercer unha cidadanía global baseada na defensa dos dereitos económicos, sociais, culturais, civís e políticos para todas as persoas e pobos do mundo. Supón a construción dunha sociedade civil activa, competente, preocupada polos temas colectivos e que reclame o seu protagonismo no desenrolo dos procesos sociais e políticos. Ten unha dupla dimensión: persoal e comunitaria. A acción cotiá concreta adóitase realizar no eido local, pero cunha conciencia planetaria e unha incidencia política sobre os titulares de obrigas locais, nacionais e internacionais.



Esta dupla perspectiva, que herda o lema de «pensa globalmente, actúa localmente», combina a análise e a acción, consciente de que existe unha íntima relación entre o que sucede a nivel global e local en todas as cuestións relacionadas coa xustiza social, os dereitos humanos, o medio ambiente, o xénero, etc. Por esta razón coñécese como «glocal», ao mesmo tempo global e local. Implica comprender que somos unha comunidade mundial de iguais que require o empoderamento e a inclusión de todas as persoas para conseguir unha verdadeira participación na promoción da xustiza e a loita contra a pobreza e a exclusión (xa sexa por motivos de xénero, etnia, cultura, capacidades, etc.)

«Educación Transformadora para a Cidadanía Global» (ETCG) é o nome deste paradigma educativo orientado á promoción da xustiza social e o desenrolo sustentable, co que diversas persoas e entidades vimos traballando. Unha proposta que fomenta o cuestionamento, a reflexión, o diálogo continuo, a empatía, o coidado, así como a formación de persoas capaces de transformar a súa realidade e de responder aos retos locais e globais actuais desde o respecto e a construción colectiva. A educación que fomenta o respecto e a valoración da diversidade como fonte de enriquecemento humano, a conciencia ambiental e o consumo responsable, o respecto dos dereitos humanos individuais e sociais, a equidade de xénero, a valoración do diálogo como ferramenta para a resolución pacífica dos conflitos, a participación democrática, a corresponsabilidade e o compromiso na construción dunha sociedade xusta, equitativa e solidaria...

Concibimos a Educación Transformadora para a Cidadanía Global como un proceso socio educativo continuado que promove unha cidadanía crítica, responsable e comprometida coa construción dun mundo máis xusto, equitativo e respectuoso coas persoas e o medio ambiente, tanto a nivel local como global.



Un novo paradigma educativo centrado no ser humano como suxeito histórico transformador e que entende a práctica educativa como proceso, non só pedagóxico senón tamén ético, político e social, tal e como o entende a Educación Popular¹, que aposta pola construción de relacións de poder máis equitativas e xustas en todos os eidos da vida, así como polo desenvolvemento pleno de todas as capacidades humanas².

Desde o Movemento pola ETCG buscamos impulsar estes procesos educativos que posibiliten xerar, a quen participamos neles, capacidades de transformación e cambio cara ao tipo de sociedade á que aspiramos. A nosa opción educativa está marcada por unha clara intencionalidade de transformar: non é o mesmo educar para manter sistemas que propician a desigualdade, que educar para construír sociedades máis xustas, equitativas, democráticas e participativas.

Polo tanto, a Educación Transformadora na que creemos enténdese como unha proposta político-pedagóxica cos seguintes principios:

- ➊ Educación reflexiva e crítica: capaz de achegar elementos (tanto técnicos como éticos e políticos) para a análise crítica da realidade (relación causas-consecuencias-alternativas dos problemas de inxustiza), desde unha perspectiva de diálogo e construción colectiva.
- ➋ Educación orientada á acción: capaz de inspirar comportamentos individuais e/ou proxectos colectivos que, partindo da análise da realidade, respondan ao reto de xerar alternativas máis xustas e solidarias.
- ➌ Educación como proceso: non como unha suma de contidos senón como un itinerario, adaptando os contidos e as metodoloxías aos procesos e momentos de desenvolvemento persoal e de grupo.
- ➍ Educación para a Paz en e desde o conflito: non negándoo ou evitándoo, senón partindo da súa inevitabilidade como elemento que potencia o diálogo, a empatía, a capacidade de negociar e a busca de alternativas colaborativas.
- ➎ Educación holística e interdisciplinar: que traballe desde e para o desenvolvemento integral da persoa, axudando así a xerar unha ollada interdisciplinar da realidade, sen compartimentos estancos que desconecten e descontextualicen coñecementos e saberes.

Nesta liña, e en consonancia co compromiso adquirido a nivel internacional e nacional, plasmado na Axenda 2030, a Educación para a Cidadanía Global preséntase, pois, coma o horizonte e a ferramenta imprescindible para construír unha perspectiva educativa máis humana e transformadora. Por iso, desde o Movemento pola Educación Transformadora e a Cidadanía Global queremos seguir traballando para contribuír a que espazos educativos, aulas e centros avancen neste cambio de paradigma educativo transformador, e facilitar a súa incorporación paulatina na súa cultura, prácticas e políticas de centro.

¹ As orixes da Educación Popular, que tivo unha ampla incidencia teórica e práctica no campo do desenvolvemento, atópanse nos anos 60 nas achegas do educador brasileiro Paulo Freire, que entende a educación coma un proceso político participativo e transformador.

² Jara Holliday, Oscar (2016): «Dilemas y Desafíos de una Educación para la Transformación. Aproximaciones freirianas». Documento Reflexivo. Movemento ETCG.



CAPÍTULO 2:

CENTROS EDUCATIVOS TRANSFORMADORES.

TRAZOS QUE OS DEFINEN

Un Centro Educativo Transformador (CET) é aquel que incorpora a Educación Transformadora e para a Cidadanía Global na súa cultura, nas súas prácticas e nas súas políticas de centro. Entendemos por trazos dos CET aquelas características que amosan a aposta por promover esa Educación Transformadora para a Cidadanía Global e que en maior ou menor medida se atopan presentes nos centros implicados a favor da xustiza global.

Estes trazos foron identificados a partir dun proceso de sistematización de experiencias en centros educativos con ampla tradición de traballo na Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, e do contraste e diálogo con docentes, equipos directivos, especialistas no mundo da educación, etc. Esas características agrupáronse en tres grandes eidos³, atendendo a:

- A cultura do centro referida aos principios, visión e valores do centro.
- As prácticas que leva a cabo o centro como claves pedagóxicas e metodoloxías transformadoras.
- As políticas do centro reflectidas na planificación e organización do centro.


Demos prioridade a cinco trazos esenciais por cada un destes eidos, conscientes de que sempre se pode realizar unha descrición máis exhaustiva, pero destacando aqueles elementos que se recoñecen como indispensables para desenvolver unha Educación Transformadora para a Cidadanía Global.

Esta clasificación de 15 trazos agrupados en 3 eidos, estrutura e organiza as características dos CET. Ao mesmos tempo, permítenos destacar que todas as características están relacionadas entre si, tanto fóra coma dentro dos seus correspondentes eidos. Pola súa parte, a xustiza global, a equidade de xénero, a participación e a inclusión gardan unha íntima relación, xa que en todas se avanza simultaneamente e non pode alcanzarse unha sen atender ás demais. Á súa vez, as metodoloxías que favorecen a aprendizaxe destes enfoques son compartidas por campos como a interculturalidade, os dereitos humanos, o desenvolvemento sustentable... e todas elas deben presentarse nun marco de coeducación. De igual xeito, a organización do centro debería implicar un proceso de toma de decisións participativo e integrador, como se sinala na cultura do mesmo, e que facilitase a súa relación interna en rede e tamén coa entorna, tal e como requiren as metodoloxías transformadoras.



³ Ainscow Mel, Booth Tony, 2015: "Guía para la Educación Inclusiva: desarrollando el aprendizaje y la participación en los centros escolares". https://www.oei.es/historico/publicaciones/detalle_publicacion.php?id=151





TRAZOS

DUNHA EDUCACIÓN TRANSFORMADORA PARA A CIDADANÍA GLOBAL

CULTURA DE CENTRO

principios, misión e valores

1

XUSTIZA GLOBAL E
DEREITOS HUMANOS

2

EQUIDADE DE XÉNERO
E COEDUCACIÓN

3

INTERCULTURALIDADE
E INCLUSIÓN

4

PARTICIPACIÓN

5

DESEÑO SUSTENTABLE

CLAVES PEDAGÓGICAS

e ás metodoloxías que se poñen en marcha

6

APRENDIZAXE SOCIO
EMOCIONAL

7

APRENDIZAXE
SIGNIFICATIVA-
EXPERIENCIAL

8

METODOLOXÍAS
CRÍTICAS, REFLEXIVAS
E COLABORATIVAS

9

INCIDENCIA E ACCIÓN
TRANSFORMADORA

10

AVALIACIÓN QUE
XERA APRENDIZAXE

POLÍTICAS DE CENTRO

planificación e organización

11

CURRÍCULO DE ETCG

12

ETCG NOS
DOCUMENTOS
ESTRATÉGICOS

13

ORGANIZACIÓN
PARTICIPATIVA E
INTEGRADORA

14

ATENCIÓN ÁS
RELACIÓNS DE PODER
E DE CUIDADOS

15

TRABALLO COA
ENTORNA E NA REDE



Esta proposta de 15 trazos esenciais dos CET proporciona un marco teórico-práctico orientador para un centro educativo comprometido coa transformación persoal e social e cun horizonte de xustiza. É unha guía de utilidade tanto para os equipos directivos que toman decisións de organización e políticas do centro, como para o profesorado individual responsable da docencia na aula e para todas as persoas e grupos que dun xeito ou outro participan nos procesos educativos transformadores: ANPAS, animación e tempo libre, asociacións e ONGs, etc.

Estes trazos marcan o horizonte cara ao que avanzar para realizar unha Educación Transformadora que progresivamente teña unha maior calidade; tamén constitúen un catálogo dos aspectos nos que sempre se pode afondar e, ao tempo, unha chamada de atención sobre aspectos fundamentais que podemos estar esquecendo e que deberiamos ir introducindo para avanzar en coherencia e calidade. Por iso, constitúe unha axuda para a definición das prioridades do centro, así como unha guía para as decisións que se deben tomar na posta en marcha de novos proxectos, programas, políticas, etc. Igualmente constitúe a base para realizar unha ollada diagnóstica, avaliar o estado do centro e valorar como se quere evolucionar no cultivo dun trazo concreto.



2.1. TRAZOS SOBRE A CULTURA DE CENTRO

Este bloque comprende os trazos que definen a un CET en relación cos valores e principios ético-políticos que guían as súas accións e decisións.

Aínda que «cultura de centro» é un termo amplo, interpretámolo aquí como fai Schein⁴, que entende «**as culturas organizacionais como patróns de crenzas básicas compartidas en que un grupo aprendeu sobre como resolver os seus problemas de adaptación externa e integración interna, e que funcionou o bastante ben como para ser considerado válido e ensinado aos novos membros como o modo correcto de percibir, pensar e sentir en relación con eses problemas**».

No marco dun centro educativo, o contido da cultura organizacional estaría definido polas actitudes, valores, crenzas, habilidades, supostos que determinan o desenvolvemento de determinadas prácticas e forma de facer as cousas compartidos por unha comunidade docente. Aqueles trazos de identidade que definen e que orientan todo o que facemos e perseguimos (os «que» e os «para que»). Esta cultura particular influiría nas percepcións dos membros da comunidade educativa, principalmente no alumnado, o profesorado e o equipo directivo. Tamén terá as súas consecuencias en relación coa política e estrutura do centro, é dicir, co seu sistema organizativo: procesos de toma de decisións, formas de participación e roles oficiais de axentes educativos.

A Educación Transformadora para a Cidadanía Global (como proposta ético-política que é) susténtase nuns fundamentos ético-políticos específicos que son claves deste modelo educativo transformador e que necesariamente determinan a forma e o contido do proceso de ensinanza aprendizaxe. Como principios que orientan o proxecto de centro, estes trazos deberían estar presentes na súa misión, visión e valores; e calar en todas as esferas da vida do centro escolar.



⁴ Schein, E. H. (2004). Organizational culture and leadership (3rd ed.). San Francisco: Jossey-Bass

Neste sentido, practicar unha Educación Transformadora para a Cidadanía Global supón enmarcar as prácticas e propostas educativas neste substrato ético, que está formado por uns valores concretos e coherentes co fin que se quere conseguir: unha maior xustiza social nun marco de desenvolvemento sustentable. Son os valores que enmarcan esta ollada educativa e que necesariamente deben permear, unirse e manifestarse con cada un dos contidos, principios metodolóxicos e resultados esperados de calquera práctica e proposta educativa realizada desde esta visión. Axúdannos a fixar o noso substrato ético-político e a comprender mellor por que facemos o que facemos e desvelar así a orixe das nosas actuais prácticas.




TRAZO 1:

ORIENTADO Á XUSTIZA GLOBAL E AOS DEREITOS HUMANOS

DEFINICIÓN: Centro Educativo que ten a defensa dos dereitos humanos e a xustiza social como elemento constitutivo do seu ser e do seu funcionamento. Ten como fin educativo o desenrolo dun sentido ético e político da xustiza global. Educa para que os seus membros se recoñezan como suxeitos de dereitos e de transformación social na súa entorna local incorporando unha visión global.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- É poroso ás preocupacións, retos e necesidades da cidadanía a nivel local e global. Concíbese como instrumento poderoso para impulsar o cambio social e favorecer o empoderamento dos e das titulares de dereitos, así como para axudar a concretar as responsabilidades dos e das titulares de obrigas para reclamar os dereitos que lles corresponden.
- Educa a favor da solidariedade e en contra das prácticas, estruturas e sistemas inxustos.
- Pon a vida das persoas e a sustentabilidade do planeta no centro da acción educativa.
- Os dereitos humanos deixan de ser un contido específico a tratar e pasan a ser un enfoque vertebral. Os contidos non se refiren principalmente ás necesidades económicas e sociais (propias ou de comunidades empobrecidas), senón que inclúen de igual forma as liberdades civís e políticas (de todas as persoas e grupos).





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

No exercicio da cidadanía global, a xustiza, o respecto polos dereitos humanos e a solidariedade van collidos da man e complementáanse. A ETCG fundaméntase na defensa dos dereitos da persoa, da súa dignidade, por enriba dos intereses económicos e políticos, e pon ás persoas e á vida no seu sentido máis amplo como valor central e prioritario de calquera acción e decisión.

Traballar desde a perspectiva dos dereitos humanos implica que estes deixan de ser un contido específico a tratar e pasan a ser a súa columna vertebral. A atención non se orienta ás necesidades económicas e sociais, senón que se amplía incluíndo as liberdades civís e políticas. Ademais, ao incorporalo á educación, o enfoque de dereitos obriga a tomar partido: a poñerse do lado dos colectivos máis vulnerables, a favorecer o empoderamento dos e das titulares de dereitos e a concretar as responsabilidades dos e das titulares de obrigas.

Para garantir que calquera persoa poida desenrolarse libre e autonomamente, fai falta alcanzar unha ampla base de solidariedade, de equidade e xustiza social. Promover un desenrolo centrado na vida digna e sustentable implica necesariamente considerar o mundo como unha gran sociedade planetaria que comparte retos e oportunidades. Por iso, para conseguir a construción dun sentimento e un compromiso de solidariedade e de xustiza social, a ETCG vai máis alá do coñecemento necesario e da análise duns feitos, e afronta a necesidade de desenrolar en toda a comunidade educativa e especialmente no alumnado as habilidades, actitudes e valores na súa práctica cotiá.

A ETCG invita a ver o mundo de forma holística, interconectado e fusionado como posibilidade emancipadora para todas as persoas e comunidades, e non coma o control dunhas sobre outras. A ETCG nace da idea de que hai alternativas ao mantemento da pobreza que implican asumir unha responsabilidade mutua e repensar conceptos como o de desenrolo ou fronteira, para eliminar os redutos de prosperidade que só benefician a uns poucos e atopar fórmulas de vida que reduzan a desigualdade e fomenten unha convivencia próspera e digna para todas as persoas.




TRAZO 2:

EQUIDADE DE XÉNERO E COEDUCACIÓN

DEFINICIÓN: Centro Educativo que aposta pola coeducación e a equidade de xénero, nas súas accións e estruturas, desvelando as desigualdades presentes nel e comprometéndose coa súa eliminación. Inclúe a prevención das violencias machistas e a análise crítica da realidade presente no currículo explícito e no currículo oculto. Actúa a favor da equidade no contexto local e global con especial incidencia nos eidos políticos e educativos, incluíndo a propia institución.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Incorpora o enfoque de xénero de forma coherente e integrada en todos os eidos da vida do centro: tanto nas súas políticas organizativas como nas súas prácticas educativas.
- Concíbese como instrumento de cambio social e promove os dereitos das mulleres, a equidade de xénero e a erradicación de calquera forma de violencia contra as mulleres.
- Promove a construción de novos modelos de cidadanía, a través de sistemas de valores, comportamentos, normas e expectativas orientados á transformación das relacións de poder e privilexios existentes entre xéneros.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

Hoxe en día, é necesario adoptar un enfoque de xénero para facer fronte ás diversas relacións asimétricas de poder, que xeran distintas formas de desigualdade e de vulneración de dereitos. Por iso, traballar dende a perspectiva dos dereitos humanos e da xustiza social implica visibilizar e combater a realidade de discriminación que mulleres e nenas seguen sufrindo en todos os niveis: político, social, económico, cultural, ..., como consecuencia do sistema patriarcal no que vivimos en todo o mundo. Por tanto, a igualdade efectiva entre homes e mulleres continúa sendo máis un obxectivo que unha realidade, nun contexto onde a primeira causa de violencia, en todas as súas formas, é a que se exerce contra este gran colectivo, que representa a metade da poboación mundial.

A nivel internacional, o mandato respecto á igualdade de xénero e o empoderamento da muller acordouse e déuselle prioridade na nova axenda de desenvolvemento sostíbel mundial, pero para que teña calado na sociedade, máis alá do ámbito político, o enfoque de xénero debe impregnar calquera proposta educativa orientada a promover un modelo de desenvolvemento e cidadanía socialmente máis xusto, sendo a promoción dos dereitos das mulleres e a equidade dos elementos fundamentais da mesma.

A coeducación, orientada á equidade de xénero, a prevención das violencias machistas, o coidado da diversidade, etc. é a ferramenta que nos permite revisar os nosos procesos de ensinanza-aprendizaxe, para orientala ao exercicio dunha cidadanía libre de violencias machistas no seu sentido máis amplo. Máis alá da educación mixta, a coeducación é a base de calquera proxecto educativo que busque re-equilibrar as relacións de poder.

Esta mirada coloca a necesidade de que todas as persoas sexan formadas nun sistema de valores, comportamentos, normas e expectativas que non estea xerarquizado en función do sexo e que, así mesmo, se eduque dende o respecto ás diferenzas individuais e calidades persoais. Tal punto de vista exige detectar todos os estereotipos asociados ao masculino e ao feminino, sendo conscientes deles, reflexionalos e por en marcha as medidas necesarias para eliminalos da nosa linguaxe e do noso comportamento. Para iso, é importante traballar dende unha actitude crítica que permita sensibilizar e concienciar sobre o modo en que estes estereotipos condicionan a vida de homes e mulleres, e limitan a súa liberdade de elixir como sentir, como pensar, como comportarse, etc., o cal impide o desenvolvemento pleno das súas capacidades e, por tanto, do seu desenvolvemento e o seu benestar.



TRAZO 3:

INTERCULTURALIDADE E INCLUSIÓN

DEFINICIÓN: Centro que recoñece o valor da diversidade cultural, étnica, lingüística, relixiosa, social, de modos de aprender, de capacidades, de xénero, entre outras, como un enriquecemento da comunidade educativa e da realidade na súa totalidade. A inclusión é o elemento nuclear do dereito á Educación. Propón un modelo intercultural de xestión das diferenzas.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Recoñece as múltiples identidades dos seus integrantes e valora a súa diversidade.
- Presta atención a como a discriminación aumenta ao combinarse diversas categorías biolóxicas, sociais e culturais como o xénero, a etnia, a clase, a discapacidade, a orientación sexual, a relixión, a idade, a nacionalidade....
- Incorpora un punto de vista plural da realidade en contraposición ás visións únicas que presentan os distintos centrismos: etnocentrismo, antropocentrismo, androcentrismo, adultocentrismo, heterocentrismo, urbanocentrismo... que invisibilizan as diferenzas e as achegas e necesidades dos grupos menos poderosos, o que xera relacións inxustas e abusos de poder.
- Ten en conta tres eidos interrelacionados: identidade, pertenza e comunicación, que faciliten a análise das dificultades e das oportunidades que se presentan na vida cotiá para a toma de conciencia e a aprendizaxe da construción dunha cidadanía activa.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

Este enfoque desenmascara, denuncia e quere eliminar prácticas que se manifestan en actitudes de discriminación, segregación, rexeitamento da persoa diferente, racismo ou xenofobia, sostidas polo uso de prexuízos, estereotipos e xeneralizacións. Por iso, a aposta pola valoración da diferenza (desde calquera forma de diversidade) e o recoñecemento á identidade será unha achega fundamental, básica e transversal de calquera proxecto educativo que queira ser coherente co principio de respecto e non discriminación dos dereitos humanos.

A interculturalidade vívese na relación con persoas que pertencen a culturas diferentes á nosa e aposta pola convivencia, o respecto á diversidade e a relación interactiva entre persoas ou grupos humanos. A convivencia implica a elaboración de significados, normas e valores compartidos, tolerancia e flexibilidade, pero non está exenta de conflito e require unha aprendizaxe para resolvelo de xeito creativo.

A crecente interacción entre culturas a todos os niveis debe darse en clave de igualdade, sen subordinacións nin superioridades, analizando como se toman as decisións e se exerce o poder. Así, entendemos que a interculturalidade é a aposta ética e política que favorece a interacción entre as persoas como camiño básico cara á consecución dunha sociedade cohesionada, que teña en conta a dignidade de cada persoa e na que sexa posible a participación activa do conxunto da sociedade. Para iso é fundamental considerar as dimensións económicas, sociais e políticas, pois as situacións de inxustiza e de desigualdade son impedimentos para os procesos interculturais.



TRAZO 4:

PARTICIPACIÓN

DEFINICIÓN: Centro que promove a implicación activa da comunidade educativa na creación dun proxecto social e educativo compartido. A participación permea desde a construción colectiva do coñecemento na aula e os equipos até as estruturas democráticas de representación e de decisión, que dan protagonismo a toda a comunidade educativa, atendendo ás diversidades en instancias de representación e de decisión.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Concíbese o centro como espazo para aprender a exercer a participación democrática: debater, dialogar e tomar decisións de xeito colectivo, como forma de construción dunha cidadanía activa.
- Recoñece a dimensión social, cultural e política da escola e as accións educativas e pedagóxicas como ferramentas de formación, e, polo tanto, de transformación do modelo social.
- Orientase á acción e conta cun sistema flexible que lle permite abrir o centro á comunidade e proxectarse participando nos espazos de diálogo da entorna.
- Concibe o coñecemento como unha construción colectiva, e recoñece e integra de forma participativa e intercultural os saberes das diversas comunidades.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

A ETCG concibe a educación como axente de cambio e as escolas como espazos con posibilidades liberadoras, a pesar das súas limitacións. Para iso hai que entender, por un lado, a educación como esfera pública, na liña de Habermas⁵, é **dicir, como espazo para aprender a exercer a participación democrática: debater, dialogar e tomar decisións de maneira colectiva**. E, por outro, a educación como política cultural, é dicir, recoñecendo que a escola e as accións educativas teñen unha dimensión social, cultural e política, e que a pedagogía responde a un contexto, e, polo tanto, pode posibilitar o cambio social.

Entender as escolas como «esferas públicas democráticas» implica admitir que a educación non é neutral nin ten un obxectivo tecnocrático, senón que se compromete con valores de igualdade, de cidadanía crítica, de democracia e de xustiza social e económica. Ademais, aínda que poidan funcionar como esferas ou comunidades democráticas, as escolas necesitan contar cun sistema flexible que lles permita abrirse e proxectarse, e así, poder recibir tamén achegas da entorna.

Desenrolar unha actitude democrática e participativa tradúcese tamén nun centro que promove a aprendizaxe dialóxica, participa nos espazos de diálogo da entorna e oríéntase á acción. É necesario desenrolar un centro educativo reflexivo e de aprendizaxe conxunta en que se xeren procesos de comunicación e de creación colectiva do coñecemento, nos que toda a comunidade educativa, partindo das vivencias persoais e das prácticas e propostas concretas, poida analizar, valorar, reflexionar e aprender das súas prácticas de xeito individual e colectivo, e, poida tamén xerar propostas de actuación tanto interna como externamente. Estes son elementos fundamentais para converter a escola nun centro de participación onde axentes sociais, na súa totalidade, contribúan a que o alumnado aprenda os coñecementos e habilidades necesarias para vivir nunha auténtica democracia.

5 Habermas, Jürgen. (1962/1981). Historia y Crítica de la opinión pública. Barcelona. Editorial Gustavo Gili.




TRAZO 5:

DESENROLO SUSTENTABLE

DEFINICIÓN: Centro educativo implicado na sustentabilidade económica e medio ambiental, que centra a súa ollada en conseguir unha vida digna para todas as persoas e en coidar da natureza. Consciente dos efectos do sistema económico interdependente, promove a consciencia crítica sobre as formas de vida humana e a acción responsable co planeta e a vida que nel se desenvolve.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Parte da idea de que, ademais da interrelación e interdependencia de todos os seres, dáse unha unidade entre todas as persoas como parte intrínseca do medio natural compartido. Así, fomenta novas formas de relación máis respectuosas coa natureza e a entorna, e recolle a abordaxe que fan outras culturas e cosmovisións máis respectuosas co medio ambiente.
- Comprométese coa promoción de sistemas alternativos de produción e consumo, responsables co medio ambiente e a vida digna das persoas. Focalízase, para iso, nas consecuencias que a actividade humana e a acción educativa teñen sobre o medio en que se desenrolan, e atende á análise de aspectos como a pegada ecolóxica e a débeda ecolóxica.
- Promove unha ollada crítica e o compromiso coa entorna para facer fronte á pobreza e a degradación medio ambiental de forma conxunta. Esta ollada ten en conta a interrelación dos límites sociais (como a fame, a desigualdade e a falta de saúde) e os límites planetarios ou medio ambientais (como o cambio climático ou a perda da biodiversidade).





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

O modelo de desenvolvemento económico que impera na actualidade non é compatible coa sustentabilidade económica e medio ambiental, e está poñendo en xaque a vida presente e futura no noso planeta. Análises recentes amósannos que as políticas tradicionais de crecemento fracasaron en ambas fronteiras: por un lado, o aumento do PIB apenas beneficiou ás persoas que viven en situación de pobreza (o 11% da poboación que acapara o 50,1% de riqueza/renda mundial enriqueceuse aínda máis) e, por outro, gran parte deste crecemento logrouse a costa da degradación dos recursos naturais.

Xerar un sistema económico que produza benestar para todas as persoas vai da man da implantación dun sistema de produción e consumo que respecte o equilibrio medio ambiental do noso planeta. É necesario facer fronte á pobreza e á degradación medio ambiental de forma conxunta, xa que os principais límites funcionais, os límites sociais (como a fame, a desigualdade e a falta de saúde) e os límites planetarios ou medio ambientais (como o cambio climático ou a perda da biodiversidade), están intrinsecamente unidos.

Educación desde o enfoque de sustentabilidade ambiental implica reflexionar criticamente sobre a crise ecolóxica, e situala nun contexto de relacións interxeneracionais, que ademais amosa con claridade as interconexións, os vínculos entre espazos xeográficos, entre hábitos de consumo... Se antes as comprensións dos problemas medio ambientais se quedaban no local como causa-efecto, agora o local ten consecuencias globais: cambio climático, diminución da capa de ozono, extinción de especies. A actual sociedade de sobreconsumo é incompatible coa posibilidade de manter as condicións que posibilitan a vida (das persoas e do planeta). Así o establece a comunidade internacional desde fai décadas e así o recolle na nova axenda de desenvolvemento, na que dá prioridade para os próximos anos á educación nun desenvolvemento sustentable para todos os países asinantes.

A ciencia demostrou que para acabar coa pobreza non é necesario que aumentemos a presión sobre os recursos naturais. O obxectivo do crecemento económico debe ser levar á humanidade a este espazo seguro e xusto, erradicando a pobreza e utilizando os limitados recursos naturais de maneira sustentable. Que implica este reto para a educación? É necesario ter en conta a abordaxe que fan outras culturas e cosmovisións respectuosas co medio ambiente, así como a análise e a crítica do antropocentrismo subxacente; sen esquecer a achega ás prácticas educativas que relacionan escola e comunidade desde a harmonía coa natureza e a entorna.



2.2. TRAZOS SOBRE CLAVES PEDAGÓGICAS E METODOLOXÍAS TRANSFORMADORAS

Os enfoques e olladas que caracterizan a cultura dun centro educativo transformador xeran unhas claves pedagógicas específicas e unhas metodoloxías coherentes cos valores e principios nos que se quere educar. Por iso, é frecuente que a aposta dun centro pola Educación Transformadora para a Cidadanía Global vaia acompañada de procesos de innovación educativa nos que se revisan, renovan, reafirman e experimentan prácticas e metodoloxías que dean resposta á gran cuestión de como levar a cabo procesos de ensinanza-aprendizaxe, coeducativos e interculturais, que permitan desenrolar o currículo oficial, pero orientado á xustiza global, aos dereitos humanos, á equidade de xénero e ao desenvolto sustentable.



Para avanzar nestes valores ético-políticos propóñense metodoloxías transformadoras que abarquen todos os eidos da persoa: a parte afectiva por medio da aprendizaxe socio emocional, a parte cognitiva intelectual por medio da aprendizaxe crítica-reflexiva e a parte activa por medio da aprendizaxe significativa-experencial.

Estas prácticas, ademais de capacitar para modificar a realidade no futuro e construír entón un mundo máis xusto, deben xerar cambios xa no presente por medio da incidencia política e a acción transformadora. Todo iso faise nun marco de avaliación que, lonxe de xulgar ás persoas implicadas, xera aprendizaxe e axuda a mellorar o proceso.



Os principios pedagóxicos dos que emanan os cinco trazos identificados son os seguintes:

- ➊ Afrontar os procesos de ensinanza-aprendizaxe coa conciencia de que a educación é unha acción política.
- ➋ Poñer no centro da acción educativa á persoa, desde unha visión integral que abarque todas as súas dimensións (física, cognitiva, afectiva, social, espiritual, etc.) e que se una coas súas experiencias vitais.
- ➌ Unha visión holística que constata que todos os compoñentes da realidade gardan unha relación sistémica entre si e que todo elemento está intrinsecamente relacionado con todo o existente. A ensinanza non debe ser fragmentada, xa que a aprendizaxe significativa adquirese de xeito global integrando todos os campos do coñecemento nun saber unitario.
- ➍ Poñer énfase na capacidade que as persoas, os grupos e as institucións teñen de transformar a realidade. Por iso, invita a mirar criticamente a realidade, propoñendo horizontes de transformación das entornas, as estruturas e os procesos, que impliquen a toda a comunidade educativa. Os procesos educativos, máis alá da transmisión de contidos, son propostas de liberación e transformación da persoa, dos grupos e as sociedades.
- ➎ A construción do coñecemento e a transformación danse de xeito colectivo no encontro, a escoita e o diálogo entre todas as persoas con respecto a todos os saberes.




TRAZO 6:

APRENDIZAXE SOCIO EMOCIONAL

DEFINICIÓN: Centro educativo que atende ás emocións e que promove metodoloxías para que se adquiran competencias e habilidades para a vida, que permitan que todas as persoas da comunidade educativa poidan unirse de forma creativa e preocuparse pola realidade da súa entorna.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Detecta o estado anímico do alumnado, sabe como se atopa o grupo e tamén como está emocionalmente cada alumna e alumno.
- Emprega metodoloxías socio-afectivas que facilitan o desenrolo e evolución das emocións, integradas nunha aprendizaxe significativa.
- Favorece a adquisición e desenrolo de competencias socio-afectivas, como son: a intelixencia emocional para detectar e nomear os sentimentos, a autoestima, a empatía, a xestión da frustración ou a cooperación na resolución de conflitos.
- Promove a expresión emocional do alumnado e integra nas accións educativas os produtos plásticos resultantes desas expresións.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

Este enfoque fai referencia á dimensión socio emocional da educación. O eido escolar e a constitución de grupos que se dan no interior son espazos afectivos que fan da educación unha experiencia relacional en constante modificación, onde o contacto mutuo, a interacción, as relacións e as vivencias van educando e transformando. Este enfoque propón a construción de identidades conscientes das súas emocións, do seu valor como persoas, da súa responsabilidade social e da necesidade de comprometerse coa transformación da realidade.

Son moitas e variadas as experiencias afectivas que se viven nun centro educativo e que afectan a cada unha das persoas e colectivos que forman parte da comunidade educativa. É preciso ser conscientes de todas elas, recoñecéndolas sen xulgalas e actuando responsablemente. Para iso, é necesario avanzar sempre no grao de autoconecemento persoal tanto do alumnado coma do profesorado (que debe avanzar sempre na conciencia do que lle está sucedendo) e no nivel de empatía que nos permite apreciar os sentimentos dos demais e comprender os seus desexos, pensamentos e crenzas.

O suxeito principal da emoción é a persoa, e é nela en quen centramos a intervención educativa. Pero é certo que a maioría das vivencias afectivas prodúcense na relación co grupo, o que o converte no instrumento privilexiado para o desenvolvemento das capacidades socio emocionais, especialmente se queremos orientalas á transformación social xunto coa felicidade individual.

O corpo é unha porta de acceso privilexiada para a detección e mobilización das emocións, polo que a aprendizaxe socio emocional require levar continuamente unha atención ao corpo e empregar metodoloxías que desde a Educación Física e outros campos poñan en movemento os sentimentos.

Nos procesos de aprendizaxe e construción da cidadanía dispáranse sentimentos relacionados coas catro emocións básicas. Así, traballaremos:

- » A indignación ante a violación dos dereitos humanos e o incumprimento das entidades e persoas que teñen a responsabilidade e a obriga de garantilos.
- » A tristeza, froito da mencionada inxustiza e a empatía co sufrimento das persoas e colectivos que a padecen.
- » O medo ante as previsibles violacións de dereitos e a conciencia de que nun mundo global ese incumprimento nos afecta xa no presente e pode facelo moito máis no futuro.
- » A alegría que se orixina na participación nos procesos de transformación a favor da xustiza social e a colaboración coas entidades implicadas en xerar eses cambios. Tamén a alegría polos logros que se conseguen nesa loita.




TRAZO 7:

APRENDIZAXE SIGNIFICATIVA-EXPERIENCIAL

DEFINICIÓN: Centro educativo que participa na construción dunha cidadanía comprometida cos dereitos humanos, por medio de procesos que establecen conexións coa realidade do alumnado e que vinculan a conxuntura local coas situacións globais. Contribúe a xerar cambios políticos e sociais.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Ten un coñecemento o máis profundo posible da realidade (tanto das vivencias do alumnado, como da entona local e o contexto global) en relación cos dereitos humanos e a equidade de xénero.
- Vincula a práctica educativa ás necesidades detectadas e establece conexións cos contidos curriculares.
- Implementa metodoloxías que desenrolen as competencias e contidos curriculares, ao tempo que se realizan accións que contribúen a transformar a realidade e construír unha cidadanía global. Por exemplo, aprendizaxe-servizo; aprendizaxe baseada en proxectos transformadores; experiencias vitais integradas en procesos educativos como o xogo, o teatro, ...





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

Un centro educativo transformador impulsa procesos de ensinanza-aprendizaxe intimamente relacionados coas diversas realidades sociais existentes na comunidade educativa e da súa entorna local e global. Faino atendendo ao seus principios e valores. Detecta que cambios é preciso provocar e mobiliza os seus recursos para conseguilo. Ao mesmo tempo, para garantir que a aprendizaxe sexa significativa, resulta imprescindible conectala coas experiencias vitais do alumnado, especialmente as que teñan que ver coa súa realidade como suxeitos de dereitos e de responsabilidades, e coas relacións de poder e de coidado en que participan.

Ademais de establecer conexións dos contidos curriculares cos intereses e experiencias do alumnado, é preciso establecelas coas do profesorado, especialmente como axente político consciente.

Pódese conseguir un aumento significativo da motivación, do coñecemento da materia, do carácter práctico das ensinanzas e, principalmente, da capacidade transformadora do proceso educativo, se se aliñan a práctica educativa e os seus contidos coa axenda transformadora local e global, como pode ser a Axenda 2030 de obxectivos de desenvolvemento sustentable; a axenda ecoloxista, a feminista, etc.; a da Campaña Mundial pola Educación...




TRAZO 8:

METODOLOXÍAS CRÍTICAS, REFLEXIVAS E COLABORATIVAS

DEFINICIÓN: Centro educativo que persigue a comprensión das principais problemáticas que nos afectan a nivel global, as que o fan a nivel local e as relacións existentes entre ambas. Faino cunha ollada crítica, enfocada nos dereitos humanos e a equidade de xénero. Impulsa metodoloxías colaborativas que permitan intercambiar opinións, contrastar reflexións e compartir a análise crítica colectiva.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Evita a reprodución reiterativa de conceptos. Une os aspectos cognitivos do coñecemento coas aprendizaxes corporais e socio emocionais para capacitar na análise crítica da realidade, co ánimo de entendela e de actuar sobre ela.
- Xera procesos de comunicación e de construción colectiva do coñecemento. Deste xeito, acádase unha aprendizaxe crítica e problematizadora que xera unha toma de conciencia sobre o papel que cada persoa e colectivo teñen para a transformación local e global. Xera proxectos e procesos para transformar a realidade.
- Favorece que toda a comunidade educativa (partindo das vivencias persoais e das prácticas concretas para a transformación persoal e colectiva) poida analizar, valorar, reflexionar e aprender das súas prácticas de maneira individual e colectiva e xerar propostas de actuación interna e externamente.
- Incorpora o coñecemento das realidades sociais aos procesos formativos, tanto da entona inmediata como as do eido global. Ao facelo é fundamental non conformarse con traer á escola as noticias que achegan os grandes medios de comunicación, senón complementalas coa visión do mundo que achegan as asociacións e ONGs de desenrolo.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

A capacidade de analizar criticamente a realidade é unha competencia clave que condiciona o modo en que se adquiren outras competencias, como son as sociais e as cívicas. Se se aprenden a reproducir os contidos e se comprende de xeito acrítico a realidade, o máis probable é que se tenda a reproducila, pero non a transformala.

A análise crítica realízase aplicando á realidade os enfoques característicos da cultura dun centro educativo transformador: o enfoque baseado nos dereitos humanos e orientado á xustiza global; o enfoque de xénero; o de sustentabilidade ambiental, o intercultural, o inclusivo e o participativo.

Para favorecer a reflexión e a colaboración mutua hai diversas metodoloxías e propostas que nos fan mirar criticamente a realidade, e nos axudan a transformar os contextos, as estruturas e os procesos. Son propostas participativas, abertas e flexibles, que implican a toda a comunidade educativa e que buscan sinerxias con outras organizacións, dando prioridade á dignidade de cada persoa e á xustiza social.

Un elemento destacado destas metodoloxías é o diálogo construtivo. Ademais de ser un aspecto definitorio da aprendizaxe dialóxica que se expresa nas comunidades de aprendizaxe, tamén está presente noutras moitas prácticas educativas. A colaboración creativa é clave dentro e fóra da aula. Dentro do grupo, dáse nas interaccións entre iguais, o intercambio de experiencias, a reflexión conxunta, o intercambio de saberes, o valor de todas as experiencias e achegas por igual... Fóra da aula dáse nos espazos de diálogo coa entorna e a conseguinte acción que dela se deriva.



TRAZO 9:

PRÁCTICAS PARA A INCIDENCIA E A ACCIÓN TRANSFORMADORA

DEFINICIÓN: Centro educativo consciente de que a educación é política no seu sentido etimolóxico de construción da cidadanía, do público. Así, o profesorado, e en parte o alumnado, xogan un papel relevante como axentes políticos. A incidencia convértese así nunha ferramenta coa que levar a cabo procesos de aprendizaxe experiencial dos contidos curriculares.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Toma consciencia de que a acción educativa é unha acción política, en canto que contribúe a manter ou modificar nunha ou noutra dirección o modelo social e económico.
- Leva a cabo accións de incidencia a favor da cidadanía global e úsaas como recurso pedagóxico para a adquisición de contidos curriculares por medio dunha acción comprometida coa entorna inmediata, ligada ao contexto global.
- Participa como centro educativo en campañas de incidencia e sensibilización que promoven as ONGDs, asociacións locais, etc., a favor da xustiza social.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

Entendemos a incidencia como a capacidade de intervir en procesos de transformación a nivel do centro educativo, da entorna local e en políticas públicas. Supón unha relación de diálogo entre a teoría e a práctica, sendo esta a busca dunha transformación da realidade, partindo da súa análise crítica e histórica. Apóíase no principio político e educativo da inclusión social e no de exercicio de dereitos. Asemade, ten no seu horizonte político e cultural a construción dunha sociedade xusta e inclusiva, de relacións sociais igualitarias.

Con frecuencia, persoas que pertencen á comunidade educativa negan que a educación sexa unha acción política e defenden que a súa función é a transmisión aséptica e apolítica da cultura. Pero esa concepción da escola consolida o seu papel de reforzo do modelo socioeconómico imperante. É dicir, favorece que as cousas sigan sendo como son. A ETCG, en cambio, esperta a capacidade de transformar a realidade e de incidir ante quen ten obriga de que se cumpran os dereitos humanos. Conduce á inquietude, á curiosidade, á innovación transgresora, á busca por constituírnos como mulleres e homes protagonistas activos, construtores da historia, suxeitos transformadores. Colócanos na busca dunha educación para unha cidadanía planetaria democrática, para a defensa da vida, para a globalización da solidariedade, etc.

A incidencia é un recurso pedagóxico de gran potencial, que favorece a aprendizaxe experiencial, cun alto carácter socio emocional e que permite a adquisición do contido curricular por medio dunha acción comprometida coa entorna inmediata, ligada ao contexto global.



TRAZO 10:

AVALIACIÓN QUE XERA APRENDIZAXE E MELLORA

DEFINICIÓN: Centro educativo que incorpora a avaliación, a sistematización de experiencias e a investigación continua (preferentemente a investigación-acción-participativa) sobre as súas prácticas educativas e as súas políticas de centro, de xeito que se xere un coñecemento compartido e unhas aprendizaxes relevantes, intercambiabiles para a mellora das accións de educación para a cidadanía global no propio centro e noutros.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Evita o uso da avaliación como ferramenta de xuízo e promóveo para a detección e socialización de aprendizaxes.
- Implementa procesos de sistematización de experiencias, que permitan extraer aprendizaxes de procesos de medio e largo prazo, vividos polo centro educativo ou por parte da súa comunidade.
- Promove unha cultura de centro na que se valore a avaliación, a investigación e a sistematización de experiencias como ferramentas para a mellora e consolidación dos procesos exitosos de ensinanza-aprendizaxe de cidadanía global.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

A avaliación ten a capacidade de devolver aos axentes educativos información relevante sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe. A pesar dese potencial, tradicionalmente usouse máis como unha ferramenta para xulgar ao alumnado e, en menor medida, ao profesorado. A ETCG non pon o acento nos estándares de rendemento homoxéneo, senón en elementos como o proceso, a autonomía, a creatividade, a cooperación, o diálogo, etc.

Se este xeito de avaliación e investigación se sistematiza no centro e se instala como cultura compartida, permite detectar, nomear e construír colectivamente as aprendizaxes (pedagóxicas e de contido) que se producen nos procesos e que se poden socializar co resto da academia.

Esta cultura de avaliación e investigación participativa garante unha participación de calidade dos distintos axentes da comunidade educativa nos espazos de discusión, reflexión e toma de decisións.

Ao presentarse como contribución á construción colectiva do coñecemento, e non como un xuízo persoal nin colectivo, permite a todos os axentes participantes no proceso de avaliación (principalmente ao alumnado e ao profesorado) achegarse á súa práctica dispostos a aprender do que sucedeu na experiencia, cunha actitude máis crítica, autocrítica e reflexiva.



2.3. TRAZOS SOBRE A PLANIFICACIÓN E A ORGANIZACIÓN DO CENTRO

As políticas dos centros educativos, os modos en que se organizan e planifican, crean as condicións axeitadas para que calquera proposta que xorda poida botar raíces e medrar de xeito coherente e integral, sen que sexa freada por obstáculos na súa aplicación, difusión e consolidación. En concreto, son as que poden permitir que os principios que detectamos na cultura dun centro CET se materialicen nun proxecto educativo.


Como trazos relativos ás políticas do centro educativo, facemos referencia ás características relacionadas co funcionamento, a planificación e a estrutura do centro, entendida esta como: sistema organizativo, procesos de toma de decisións, formas de participación e roles oficiais que se exercen, distribución de espazos, formas de comunicación, obtención e utilización dos recursos, estándares de calidade... Inclúe, ademais, as relacións que o centro decide ter coa entorna e coa comunidade local.

O desenrolo destas políticas e o xeito de xestionalas terán un papel moi importante en calquera proceso de cambio e transformación institucional, xa que son as que permitirán proporcionar espazos, recursos, motivación e sustentabilidade ás diversas iniciativas que se queiran introducir no centro educativo. Por iso, á hora de promover cambios nas políticas dos centros educativos, hai tres grandes claves⁶ transversais que merece a pena ter en conta:

- **Autonomía:** a maior autonomía, maior capacidade de adaptarse ás novas demandas, maior responsabilidade de todas as persoas implicadas e maior capacidade de iniciativa. Por iso, será fundamental fomentar a capacidade de todas as persoas que forman parte da comunidade educativa de reflexionar criticamente sobre os procesos e decisións que afectan ao proxecto de centro educativo, e a posibilidade de que estas poidan elaborar e poñer en práctica propostas de acción propias.

6 BORJAS, Beatriz. «La gestión educativa al servicio de la innovación» Colección Programa Internacional de Educadores Populares. Federación Internacional de Fe y Alegría.

- **Participación:** a comunidade educativa debe participar tanto na xestión do proxecto educativo como na súa execución. A participación xera un sentimento de pertenza que permite o compromiso co que se define a nivel de políticas. Así pois, é necesario xerar espazos e oportunidades de coordinación e participación entre profesorado do mesmo centro e o resto dos membros da comunidade educativa, para a redefinición e o desenvolvemento do proxecto de centro. Un proceso que conecta, á súa vez, co camiño da formación continua.
- **Formación:** xerar un proceso de aprendizaxe continua para o desenvolvemento de habilidades, mellora de capacidades e xeración de novas ideas ou, se se prefire, de innovación, que transformen o centro e xeren un impulso cara á educación transformadora. Implica crear permanentemente espazos de capacitación que permitan a reflexión e avaliación constante sobre a propia práctica educativa, a cultura e as políticas de centro (preguntarse, investigar, dialogar, comprender, mellorar, sistematizar).



TRAZO 11:

CURRÍCULO DE EDUCACIÓN TRANSFORMADORA PARA A CIDADANÍA GLOBAL

DEFINICIÓN: Centro educativo que reflexiona, revisa e modifica o currículo, os obxectivos de cada etapa educativa, a metodoloxía didáctica e os criterios de avaliación á luz dos contidos, valores e enfoques da Educación Transformadora para a Cidadanía Global.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Conecta e adapta curricularmente, por parte do profesorado, os enfoques e contidos da Educación Transformadora para a Cidadanía Global dependendo de cada materia, desde unha perspectiva máis integral, co obxectivo de crear proxectos interdisciplinares.
- Garante o desenvolvemento deses enfoques e contidos nos diversos eidos de concreción curricular e na súa progresividade ao longo do tempo.
- Xera, selecciona e adapta recursos, materiais e instrumentos que permitan traballar enfoques e contidos da ETCG, de maneira que respondan ás necesidades e realidades de ensinanza-aprendizaxe de cada centro.
- Orienta o currículo para que os e as estudantes poidan desenvolver actitudes de empatía, compromiso, participación, conciencia crítica, habilidades para a participación e a transformación social encamiñada ao ben común.
- Posibilita a participación e o traballo colaborativo co profesorado e cos diversos actores da comunidade educativa sobre as prácticas educativas e as políticas de centro.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

Para conseguir que a Educación Transformadora para a Cidadanía Global se promova no centro educativo de forma integral e coherente, a revisión e adecuación do currículo é básica para ver dentro de cada ensinanza e etapa como engarzar os enfoques, contidos e metodoloxías da ETCG.

Se o que desenrolamos anteriormente sobre os trazos das prácticas en claves pedagóxicas e metodolóxicas son o corazón da educación, o currículo é o esqueleto onde se suxeitan e sosteñen esas prácticas educativas, e está integrado polos seguintes elementos: os obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, as competencias, os contidos, a metodoloxía didáctica, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e os criterios de avaliación.

Tendo en conta estes elementos, incorporar a ETCG ao currículo suporá poder identificar que valores, obxectivos, contidos, competencias e metodoloxías dos que promove a ETCG consideramos imprescindibles para traballar no centro educativo, e planificar como artellar e incluír estes aspectos no currículo oficial. Neste proceso é esencial que exista a participación dos diversos axentes e colectivos que conforman a comunidade educativa e que, neste sentido, incorporem e nos cuestionemos tamén como avaliar o traballo co alumnado.

Incorporar os enfoques e contidos da ETCG como son a interdependencia (globalidade), a equidade, a ética dos coidados, a sustentabilidade económica e medio ambiental, a perspectiva de dereitos humanos, de xénero, de interculturalidade, a cultura da participación, etc.), implica tamén que a comunidade educativa repense o uso de materiais, recursos e instrumentos que permitan traballar estes aspectos na aula. Será, por iso, importante a revisión por parte do profesorado dos materiais existentes, para asegurar a súa adecuación ás realidades e necesidades de cada centro. Habería varios aspectos esenciais a ter en conta:

- a adaptación á diversidade dos contextos e das persoas coas que traballan,
- a dispoñibilidade de tempo de calidade para seleccionar, clasificar e adaptar de forma sistemática a súa realidade todo aquilo que atopen e
- a sistematización, organización e categorización dos materiais por etapas, idades e temáticas dentro das organizacións: dispoñer dun banco de recursos onde o profesorado poida «subir» o que fai na aula para compartilo.

Por outro lado, sería tamén importante promover a elaboración de novos materiais por parte de docentes e outras institucións educativas, que estean adaptados ás realidades e necesidades de cada centro e que fomenten o uso crítico das tecnoloxías da información e comunicación (webs, redes sociais, vídeos, radio, TIC e/ou competencia dixital do profesorado, etc.).




TRAZO 12:

EDUCACIÓN TRANSFORMADORA PARA A CIDADANÍA GLOBAL PRESENTE EN DOCUMENTOS ESTRATÉGICOS

DEFINICIÓN: Centro educativo que inclúe explicitamente os principios, contidos, valores e enfoques da Educación Transformadora para a Cidadanía Global nos documentos de identidade, estratéxicos e operativos do centro educativo: notas de presentación e comunicación da institución á comunidade, plan de acción tutorial, plans de convivencia, programacións de aula, entre outros.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Incorpora nos documentos estratéxicos e operativos do centro os enfoques e propostas que xorden da ETCG para facilitar a súa promoción, de xeito coherente e integrado, en todos os eidos do centro e do proxecto educativo.
- Promove o diálogo entre diferentes actores da comunidade educativa sobre as realidades da súa entorna, así como sobre a posibilidade de xerar accións de transformación e mellora da realidade local.
- Constrúe coa comunidade educativa os documentos estratéxicos e operativos do centro.
- Fomenta e inclúe propostas de traballo de transformación e de formación para o profesorado e o alumnado en Educación para a Transformación Social e a Cidadanía Global.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

Os documentos estratéxicos, de identidade dos centros, recollen o proxecto educativo de cada institución, é dicir, reflicten a ollada que cada un ten sobre a educación e os seus fins, converténdose no horizonte de traballo do mesmo, así como a carta de presentación cara ás familias, organismos e institucións educativas externas. A inclusión explícita da ETCG, os seus principios, contidos e valores axuda a que o centro promova e faga realidade esta proposta nas súas prácticas de forma coherente e integral, interna e externamente.

Resulta necesario revisar os documentos oficiais, estratéxicos e operativos do centro, os de comunicación, así como tamén os de identidade, o proxecto educativo, a planificación estratéxica, o plan de acción tutorial, os plans de convivencia e as programacións de aula á luz da Educación Transformadora para a Cidadanía Global, de modo que estean presentes os enfoques, contidos, obxectivos e valores que esta promove.

Para xerar o compromiso e a participación de todas as persoas pertencentes á comunidade educativa na xestión do cambio, é fundamental que formen parte da creación destes documentos e participen na definición do proxecto educativo de centro. Do mesmo xeito, xerar espazos de encontro e reflexión onde se presenten estes documentos ás familias e no interior das institucións, é tamén unha forma de impulsar unha cultura e práctica participativa e transformadora.




TRAZO 13:

ORGANIZACIÓN PARTICIPATIVA E INTEGRADORA

DEFINICIÓN: Centro que conta cun proxecto educativo elaborado de xeito participativo, horizontal e inclusivo. Dá oportunidade de participación nos aspectos clave (currículo, documentos estratéxicos do centro) a diferentes integrantes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, PAS e familias. Vincula a escola coa realidade local e global, preocúpase de ter unha comunicación continua e próxima dentro do centro e coa entorna.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Establece de forma conxunta e horizontal os mecanismos de toma de decisións importantes para a vida do centro, o proxecto educativo e as políticas da institución, polo que xera espazos de diálogo, coordinación e participación das diferentes persoas que forman parte da comunidade educativa, para elaborar un proxecto común que promova a ETCG.
- Reformula as estruturas e os espazos do centro para asegurar que fomentan unha educación integral centrada na persoa, nas súas necesidades, intereses, habilidades; e que posibilitan espazos e estratexias no centro que traballen a convivencia, o respecto, a diversidade e a inclusión, valores esenciais para desenrolar as competencias globais e xerar modelos de cidadanía comprometidos coa xustiza social.
- Xera novas formas e espazos de participación, ademais das establecidas pola lexislación educativa, que axuden a conectar as necesidades das persoas que conforman o centro educativo coa realidade dos procesos de ensinanza e aprendizaxe que establecemos.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

As estruturas e o sistema de organización de calquera institución son fundamentais á hora de facilitar a xeración de procesos de transformación e o exercicio da cidadanía de xeito integral. A Educación Transformadora para a Cidadanía Global implica unha maneira de construír cidadanía desde a experiencia propia da escola, o que fomenta un exercicio cidadá continuo.

Lograr que a organización escolar sexa participativa, integradora e inclusiva é un dos trazos dos centros educativos que buscan implementar a ETCG de forma integral e coherente. O proceso de formación e toma de decisións involucra e compromete a toda a comunidade educativa, e convértese nun dos seus aspectos fundamentais porque, por un lado, cambia a concepción do poder e as relacións que se establecen entre as persoas pertencentes á comunidade educativa (equipos directivos, docentes, familias, alumnado) cara a un poder compartido, e, por outro, resulta unha maneira de construír cidadanía desde a experiencia propia da escola, facendo un exercicio cidadá nela.

Falamos, pois, de realizar un cambio de paradigma importante, que supón que toda a comunidade educativa se involucre no proceso de toma de decisións desde espazos participativos e equitativos, e que implica a todos os procesos do centro, incluíndo os que se producen na aula.

Ademais de promover unha estrutura e organización escolar que facilite e inclúa a participación de todas e cada unha das persoas que forman parte da comunidade educativa, é preciso pensar os espazos que ten o centro (a arquitectura, a pintura, os paneis de «información», a web, entre outros) de xeito que fomenten a integración, a inclusión e a participación.



TRAZO 14:

ATENTO ÁS RELACIÓNS DE PODER E DE COIDADADO

DEFINICIÓN: Centro Educativo que analiza as relacións que se dan entre os suxeitos e grupos dos procesos educativos e intervéñ sobre elas previndo as violencias e promovendo actitudes de empoderamento, respecto e coidado. Preocúpase do reparto equitativo dos recursos, incluído o uso de espazos educativos.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Constrúe novas maneiras de relacionarnos e revisa os modos nos que se exerce o poder e a toma de decisións no interior da institución educativa, tendo como obxectivo o ben común, a visión integral da persoa e a dignidade humana para poder construír vínculos inclusivos e equitativos.
- Cultiva o encontro, a convivencia, os espazos de diálogo e a apertura cara aos demais e valores como a igualdade, a solidariedade e a fraternidade, a responsabilidade, o asombro e a admiración cara á natureza.
- Impulsa procesos educativos que axudan a promover actitudes de empoderamento, respecto e coidado, e a previr actitudes de violencia.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

Desde a ETCG apúntase a necesidade de construír novas maneiras de relacionarnos, de revisar os modos nos que se exerce o poder, tendo en conta as desigualdades de xénero, e poñendo no centro a equidade, a inclusividade e a dignidade humana.

Os centros educativos no son alleos á realidade do mundo, ao aumento da violencia en todas as súas escalas e tipoloxías, ao aumento do individualismo, da corrupción, da sociedade do «parecer» e «figurar», do poder como «dominador» de todo o que está ao seu alcance, do «canto máis mellor».

A ETCG contribúe a xerar unha cultura alternativa na que o ben común, a visión integral da persoa e a dignidade humana se sitúen no centro fronte aos intereses particulares, e na que se pase de entender o poder como dominio individual, a concibilo como capacidade de transformar a realidade de maneira compartida e ao servizo da construción dunha sociedade máis xusta.

De novo volvemos ao trazo anterior, preguntándonos pola organización e estrutura do centro, que ten moito que ver cos temas de coidado, respecto e relacións de poder que se establecen.




TRAZO 15:

TRABALLO COA ENTORNA E EN REDE

DEFINICIÓN: Centro educativo aberto á entorna, onde promove e participa en procesos transformadores a favor da xustiza social con asociacións, diversas institucións e outros centros educativos próximos. Tamén participa en redes, tanto para o intercambio de ideas, experiencias, aprendizaxes e recursos, como para a realización de accións conxuntas, de incidencia e aprendizaxe, con diversos axentes comprometidos coa xustiza global e a igualdade.

ALGUNHAS PISTAS PARA AFONDAR:

- Traballa coa entorna e participa en redes con outros centros e outros educadores e educadoras, para compartir e socializar experiencias e aprendizaxes.
- Abre o contexto educativo a outras institucións e organizacións da entorna, para xerar propostas conxuntas e enriquecer o labor educativo, o que xera un centro aberto e referente.
- Reflexiona e revisa se as propostas que xera o centro educativo contribúen á construción de cidadanía global e á transformación social.





EXPLICACIÓN DO TRAZO:

Un centro que introduce a Educación Transformadora para a Cidadanía Global no seu proxecto educativo debe estar aberto á entorna, ser capaz de saír das paredes da escola e deixar que a entorna entre no seu interior. É un centro que busca ser transformador nas súas prácticas e que educa para a cidadanía global.

Promove a participación en redes, tanto para o intercambio de ideas, experiencias, aprendizaxes e recursos, así como para a realización de accións educativas conxuntas de incidencia e transformación. Fomenta prácticas innovadoras como a aprendizaxe-servizo, a aprendizaxe baseada en proxectos e o voluntariado.

O traballo coa comunidade, desde o coñecemento da realidade concreta, é clave para un centro educativo transformador para a cidadanía global, xa que desta maneira se crean e xeran relacións e espazos de actuación máis experienciais.

É necesario que, na apertura do contexto educativo a outras institucións da entorna, se poidan xerar propostas educativas conxuntas, que favorezan a entrada no centro de organizacións que traballen na educación de nenos, nenas e adolescentes, familias e institucións, que poidan achegar ao labor educativo e á xeración dun centro aberto e referente. Por exemplo, sería importante facer participar ás familias nas actividades escolares a través de proxectos interxeneracionais.



CAPÍTULO 3:

PASOS PARA AVANZAR COMO CENTRO EDUCATIVO TRANSFORMADOR

«A loita é como un círculo, pódese empezar en calquera punto, pero nunca remata». Subcomandante Marcos (en boca do Vello Antonio⁷).

No apartado anterior presentamos aqueles trazos que caracterizan a un Centro Educativo Transformador (CET). Trátase dun horizonte cara ao que camiñar e que nos impulsa a dar pasos para avanzar (Galeano 1989).

Para orientar este camiño, propoñemos unha folla de ruta que nos axude nunha viaxe que será diferente para cada centro, xa que cada quen trazará o seu propio recorrido e avanzará coas etapas que máis lle interesen. Para cada un destes tramos pódense presentar metas concretas, pero sempre co mesmo horizonte de progresar como Centro Educativo Transformador para a Cidadanía Global. Facemos unha proposta metodolóxica flexible que sirva para que cada centro deseñe o seu proceso, «a súa folla de ruta» en función da súa realidade concreta.


Expresamos o avance nos trazos que caracterizan aos CET como un camiño que, en certo modo, é cíclico, posto que ocasiona un certo diagnóstico do estado da cuestión na que se quere avanzar, seguida dunha planificación do cambio que se quere conseguir, que a continuación se pon en práctica, para posteriormente avaliar o proceso, obter aprendizaxes e constatar o novo punto en que se atopa (en relación con esa e/ou outras cuestións). Sen embargo, non se trata dun círculo pechado a modo de bucle que se repite, senón que máis ben é un resorte ou unha espiral, de xeito que cando se pasa por un mesmo punto (de diagnóstico, planificación, intervención, avaliación), en realidade estase nun plano superior que cando se pasou a vez anterior, pois son moitos os avances que se produciron.

7 Relatos del Viejo Antonio. Subcomandante Marcos. CIACH. 1998. http://enriquedussel.com/txt/Textos_200_Obras/PyF_revolucionarios_marxistas/Relatos_viejo_Antonio-Sub_Marcos.pdf



PASOS PARA AVANZAR

COMO CENTRO EDUCATIVO TRANSFORMADOR



Como vemos, o proceso de avance nos trazos dos CET ocasiona unha serie de pasos que, aínda que non sempre se dan de forma lineal, expresámolo aquí como un proceso continuo, que pode empezar en calquera instante e que xa non ten fin. Nun destes momentos, puntual ou continuo, poñémonos a soñar, individual ou colectivamente, e vaise motivando e cativando a outras persoas da comunidade educativa. Como xa dixemos, nalgún outro momento detectárase, a modo de diagnóstico, en que estadio estamos. Segundo os dous pasos anteriores, deséñase un plan de acción formulando a onde queremos chegar e/ou por onde queremos pasar... e chega o momento de poñerse en marcha, executando o plan e facendo un seguimento que permita sistematizar a experiencia para extraer aprendizaxes do proceso, suceda o que suceda. Con esta información avalíase e detéctase que se conseguiu. Este contraste e avaliación servirán como un novo diagnóstico de até onde se chegou, co que realizar un novo plan que se volve a implementar... non sen antes ter celebrado o vivido e comunicado o avanzado para así, entre outras cosas, seguir cativando. Deste xeito repítese o ciclo, pero tras ter avanzado nos trazos previstos e, seguramente, noutros imprevistos.


3.1. POÑÉMONOS A SOÑAR. CATIVA E MOTIVA

Neste proceso cara á consecución dun centro educativo cada vez máis transformador, hai unha premisa previa moi importante: a motivación e sensibilización da comunidade educativa no seu conxunto. É necesario compartir con todo o mundo o soño cara ao que se quere avanzar. Sumar o maior número de persoas a este proceso: profesorado, familias, alumnado, PAS, etc. A quen non lle pasou que pensou facer unha viaxe, contoullo a alguén e apuntouse e, ao final, obtiveron tarifa de grupo? Pois, como xa dixemos, para avanzar como CET, cantas máis persoas sexamos, mellor. Aínda que tamén pode empezar o camiño un pequeno grupo (dúas ou tres persoas) con ganas. Tócanos **cativar e motivar para que se sume máis xente** e, ao igual que cando imos facer unha viaxe falamos da mesma, ensinamos fotos dos lugares que imos visitar e o que imos facer, agora empezamos a contar o que é un CET, cales son os seus trazos, o que buscamos con iso... e así logramos que máis persoas se unan e soñen xuntas.

Que participe toda a comunidade educativa é o ideal, pero podemos comezar a impulsalo cun grupo de docentes, o equipo directivo... conformando un **grupo motor** (persoas impulsoras do proceso). Os avances que consigamos como CET farán que para a próxima viaxe se apunte máis xente.

Para este paso, propoñemos a seguinte **dinámica de construción do soño colectivo**:





Nun espazo público, accesible a toda a comunidade educativa, poñemos un gran cartel en branco no que escribimos unha frase motivadora, por exemplo: **educar para un mundo mellor: que colexio, instituto... soñamos?** apunta as túas ideas.

Tamén se poden facer varios carteis e colocalos en espazos diferenciados (sala de profesorado, patio...) segundo a quen vaian dirixidos, e así poder diferenciar as súas achegas. A pregunta pode ser xeral ou incorporar, por exemplo, o que soñamos para cada colectivo (ver posible modelo, **ferramenta 1**).

Outra maneira para recadar ideas, suxestións, soños, pode ser presentar un **cuestionario online anónimo** que se pode mandar a todo o claustro, á ANPA, etc.

Con toda esta información podemos preparar un pequeno documento ou cartel e facer unha comunicación de devolución á comunidade educativa (teremos que decidir en que formato).

3.2. EN QUÉ MOMENTO NOS NOS ATOPAMOS? A MODO DE DIAGNÓSTICO

O noso horizonte é ser un Centro Educativo Transformador e os quince trazos que identificamos axúdannos a entender como selo. Algúns destes trazos xa os estamos traballando con maior ou menor intensidade, de xeito puntual ligado a actividades ou de forma transversal; outros trazos pensamos que non os temos ou non sabemos en que medida están presentes no noso centro.

Empezamos, por tanto, a **mirar onde nos atopamos**. Trátase de detectar que trazos temos incorporados e até que punto, como están presentes ou non eses trazos na nosa vida de centro.



Para iso, propoñemos dúas opcións:

UNHA OLLADA RÁPIDA

Trátase de identificar que fixemos e con que contamos para avanzar como centro educativo nunha educación transformadora para a cidadanía global.

Dinámica:

Pode realizarse polo grupo motor impulsor do proceso ou contando tamén con representantes de toda a comunidade educativa.

Levamos un papel tamaño DIN A3, en posición horizontal trazamos unha liña de lado a lado no centro do papel. Levamos pos-its de tamaño mediano, de diferentes cores, para escribir ideas e pegar no papel DIN A3. Repartimos entre as e os participantes do proceso para que contesten as seguintes preguntas:

- Tarxetas dunha cor: cales son os elementos (pode tamén falarse de actividades se resulta máis sinxelo) que consideramos claves no avance do centro na incorporación da educación para a cidadanía global (marcamos un período, o último curso escolar, os últimos tres anos...)? As tarxetas péganse enriba da liña por orde cronolóxica. Se hai actividades que permanecen no tempo, por exemplo, unha xornada de solidariedade, pode poñerse en varias fichas, desde a primeira que se fixo até algunha que se considere relevante e a última realizada, para poder medir a evolución das mesmas.

- Tarxetas dunha cor: ara cada un destes elementos, que impactos/ cambios identificamos que se xeraran en relación aos trazos de CET? As tarxetas péganse arredor de cada elemento (tarxeta) identificado anteriormente.

Posta en común: reflexión centrada, principalmente, nos trazos que apareceron e se estes permanecen no centro educativo, hai algún outro trazo que non apareceu e que consideramos que o noso centro ten, aínda que sexa nun nivel incipiente (anotar estes trazos noutras tarxetas de cores)?, como se relacionan estes trazos co exposto no documento como soño compartido (se se dou o paso de «Poñémonos a soñar»)?

Facemos unha fotografía do DIN A3 como evidencia do realizado.

UNHA OLLADA PAUSADA

O ideal é poder facer un traballo de autodiagnóstico no que participemos a maior representación posible da comunidade educativa, no que ofrezamos unha ollada ao centro coma un todo.



Dinámica:

a) **Selección de rasgos:** elixiremos os trazos que queiramos analizar, sabendo que os trazos de cultura de centro son imprescindibles no horizonte dun centro educativo transformador para a cidadanía global. Estes trazos de cultura de centro non os podemos perder de vista cando traballamos o resto dos trazos. É interesante fixarse nos tres bloques para ter unha visión ampla do noso centro educativo.

b) **Identificación de axentes:** é importante identificar quen vai participar no proceso. Pódese formar un grupo con persoas de diferentes colectivos da comunidade educativa (familias, estudantes, profesorado, PAS...) ou pode ser un grupo constituído só por profesorado, pode ser tamén o equipo directivo ou a ANPA (APEMA), en cada centro educativo dependerá da súa realidade concreta. O que si é importante é recoller información de toda a comunidade educativa, na medida que sexa posible, xa que a información desde a perspectiva de cada grupo pode ser moi enriquecedora e, nalgúns casos, complementaria.

c) **Recollida de información:** unha vez que teñamos os trazos sobre os que queremos traballar e os grupos seleccionados, imos preguntarnos que información queremos recoller e como. Para iso, podemos facernos unha serie de preguntas reflexivas (ver posibles Preguntas Xeradoras por trazo, **ferramenta 2**). Unha vez que teñamos as preguntas, temos que buscar as respostas. Para iso, podemos elaborar cuestionarios para pasar a certos grupos da comunidade educativa, facer grupos de discusión... (sempre o recolleremos por escrito ou en fotografías).

d) **Análise da información:** unha vez que teñamos as respostas ás preguntas, un grupo (que pode ser o grupo motor do proceso) encargarse de analizar esa información: cales son os trazos que se ven máis fortes?, cales son as principais debilidades detectadas?, hai diferenzas de opinión entre os diferentes grupos da comunidade educativa?, a que poden deberse esas diferenzas?, hai algún trazo que non iamos analizar, pero que saíu de xeito recorrente durante o autodiagnóstico?, a información que temos, apunta xa cara a algunhas liñas de traballo concretas? Esta análise recollerémola nun documento que se compartirá con, como mínimo, todos os grupos que participaran dunha ou outra forma no proceso de autodiagnóstico, ou con toda a comunidade educativa (circular informativa).



3.3. A ONDE QUEREMOS CHEGAR? DESEÑANDO O PLAN DE ACCIÓN

Agora temos que decidir a onde queremos chegar. Para iso, resulta moi útil contar co coñecemento de cal é o noso soño colectivo e o momento no que estamos como centro. Todos os trazos están relacionados, á hora de realizar cambios ou potenciar no centro a ETCG, pódese priorizar un trazo desde o que se ligarán outros, correspondentes á cultura do centro, ás súas prácticas e ás súas políticas. En concreto, os trazos da cultura do centro son imprescindibles para avanzar como centro educativo transformador para a cidadanía global, co que serían prioritarios á hora de decidir. Recoméndase partir dos datos obtidos do propio diagnóstico. Pódense seleccionar aquel ou aqueles trazos que interesen máis ao centro, que viramos máis débiles ou que pensemos que van resultar máis atractivos para a comunidade educativa, que saibamos que imos ter cambios a curto prazo que animen a proseguir...

Unha vez que decidamos que trazos queremos fortalecer, deseñaremos o plan de viaxe (plan de acción) do noso centro educativo, e prepararemos a nosa mochila para realizar este recorrido e alcanzar o punto de chegada que elixiramos. Este plan ten que ser realista e contar co compromiso das persoas (como mínimo do grupo motor) que o liderará.

Necesitaremos na nosa mochila diferentes estratexias para facer o recorrido. Cada estratexia poderá ter diversas accións para fortalecer o trazo seleccionado. Citamos algunhas delas:

- **Formación**, como a estratexia que nos axuda no desenrolo de habilidades, mellora de capacidades e xeración de novas ideas (innovación educativa) que transformen o noso centro e xeren un impulso cara á cidadanía global. A formación estará ligada ao trazo que traballemos, por exemplo, formación en planificación participativa, en análise da realidade, ligazón entre o día a día de alumnado e profesorado coas problemáticas globais, formación en avaliación... O intercambio de experiencias educativas é unha gran oportunidade de compartir aprendizaxes, por iso é interesante incluílas nos plans de formación.
- **Dotación de materiais e recursos** axeitados para o desenrolo dos trazos (xa sexa coa revisión e adaptación de materiais existentes, a elaboración de novos materiais acordes ás necesidades do centro, a adquisición de materiais...). Se é posible, integraremos o uso das tecnoloxías da información e comunicación no modo de traballo (webs, redes sociais, TIC...).
- **Xeración de espazos de diálogo e coordinación**. Necesitamos espazos e tempos nos que poder atoparnos para traballar estas propostas de cambio. Espazos para compartilas, para coordinar entre o profesorado de diferentes niveis educativos e/ou áreas, entre profesorado e




equipo directivo, entre alumnado e profesorado, entre profesorado e comunidade educativa, etc.

Trátase de establecer espazos de participación que xeren un novo modelo de toma de decisións.

Dinámica:

O grupo motor, e se é posible, con representación dos diferentes actores da comunidade educativa, deseñará o plan de acción (nunha ou varias reunións). Como formato deste plan de acción suxerimos unha ficha que contemple o punto de partida, a onde queremos chegar, cales serán os fitos do noso recorrido, que estratexias poremos en marcha, quen será o grupo motor e en que período de tempo o faremos (se se cre necesario, pódese engadir tamén con que recursos o faremos). Pode deseñarse unha ficha por trazo ou unha ficha conxunta para varios trazos, se o recorrido vai permitir abordar varios á vez. (Ver ficha plan de acción, [ferramenta 3](#)).



Na páxina seguinte preséntase un exemplo de Plan de Acción:




EIDOS	TRAZO TRANSFORMADOR	PUNTO DE PARTIDA	A ONDE SE QUERE CHEGAR
SOBRE OS PRINCIPIOS, VISION E VALORES DO CENTRO	TRAZO 2: EQUITADE DE XÉNERO E COEDUCACIÓN. Centro Educativo que aposta pola coeducación e a equidade de xénero, nas súas accións e estruturas, desvelando as desigualdades presentes nel e comprometéndose coa súa eliminación. Inclúe a prevención das violencias machistas e a análise crítica da realidade presente no currículo explícito e no currículo oculto. Actúa a favor da equidade no contexto local e global, con especial incidencia nos eidos políticos e educativos, incluíndo a propia institución.	Nos últimos anos houbo formacións sobre enfoque de xénero e coeducación cos claustros. Realízanse actos conmemorativos os días 8 de marzo e 25 de novembro, pero nunca se reflexionou sobre o currículo oculto no centro, nin sobre a prevención das violencias machistas.	Que a igualdade e equidade entre mulleres e homes sexa un valor de centro, sentido e percibido por toda a comunidade educativa (nun futuro, que poida ser un valor de identidade do centro, que o identifique respecto a outros centros educativos do barrio e/ou municipio).
SOBRE CLAVES PEDAGÓXICAS E AS METODOLOXÍAS TRANSFORMADORAS	TRAZO 8: METODOLOXÍAS CRÍTICAS, REFLEXIVAS E COLABORATIVAS. Centro educativo que persigue a comprensión das principais problemáticas que nos afectan a nivel global, as que o fan a nivel local e as relacións existentes entre ambas. Faíno cunha ollada crítica, enfocada nos dereitos humanos e a equidade de xénero. Impulsa metodoloxías colaborativas que permitan intercambiar opinións, contrastar reflexións e compartir a análise crítica colectiva.	Vanse dando pasos, pero aínda custa facer a ligazón entre local e global, e que a aprendizaxe analice problemas concretos e xere procesos de transformación da realidade. Nalgúns cursos realizáronse experiencias de Aprendizaxe baseada en Proxectos que facilitan máis a aprendizaxe crítica.	Que o centro avance no uso de metodoloxías transformadoras que promovan a aprendizaxe crítica.
SOBRE A PLANIFICACIÓN E A ORGANIZACIÓN DO CENTRO	TRAZO 12: A ETCG PRESENTE NOS DOCUMENTOS ESTRATÉXICOS. Centro educativo que inclúe explicitamente os principios, contidos, valores e enfoques da Educación Transformadora para a Cidadanía Global nos documentos de identidade, estratéxicos e operativos do centro educativo: notas de presentación e comunicación da institución á comunidade, plan de acción tutorial, plans de convivencia, programacións de aula, entre outros.	Menciónase a educación para a cidadanía global no plan estratéxico do centro, pero como algo puntual e non transversal.	Que os documentos estratéxicos do centro incorporen transversal e explicitamente a educación para a cidadanía global (empezar este curso co Plan de Convivencia).



FITOS	ESTRATEGIAS / ACCIÓN PARA FACER O RECORRIDO	EQUIPO MOTOR (RESPONSABLES)	PERIODO DE REALIZACIÓN
Linguaxe inclusiva (nas comunicacións orais, escritas, imaxe gráfica, carteis...) do centro.	Formación ao claustro, ao alumnado, estudantes e ás familias sobre xénero (abordando a linguaxe inclusiva).	Organiza Consello Escolar do centro (con apoio ONGD).	1 ^{eiro} trimestre do curso.
	Revisión de todos os documentos do centro, carteis e comunicacións para usar linguaxe inclusiva.	Equipo Cidadanía Global do centro xunto a estudantes, para análise de imaxes do centro e cambio das mesmas. Equipo directivo en documentos institucionais, comunicacións externas orais e escritas.	2º trimestre do curso revisión. 3 ^{eiro} trimestre cambio. En xuño, avaliación do conseguido.
Incidencia (ligado tamén ao Trazo 9) pola igualdade e a equidade entre mulleres e homes por parte do centro.	Coordinación con actores locais ou a nivel estatal e/ou global, para que o centro se sume a algunha acción de incidencia a favor de igualdade e equidade entre mulleres e homes.	Grupo voluntario de profesorado.	Para o 25 de novembro e/ou o 8 de marzo.
Implementación da estratexia de Aprendizaxe por Proxectos Transformadores, que promove InteRed nun curso escolar (5º de primaria) durante un trimestre.	Formación en Aprendizaxe por Proxectos Transformadores (APT).	Profesorado 5º de Primaria. Xefe/a de Estudos (con acompañamento de ONGD).	1 ^{eiro} trimestre do curso.
	Implementación de APT (posibilidade de traballar un proxecto relacionado cos dereitos das mulleres, e así artellar co proceso de fortalecemento do trazo de equidade de xénero nos valores do centro).		2º trimestre do curso.
O Plan de Convivencia incorpora os enfoques/valores dun centro educativo transformador para a cidadanía global, especialmente no enfoque de xénero (contemplando prevención de violencia).	Formación ao claustro, a estudantes e a familias sobre xénero (común coa formación sinalada para o trazo 2) e prevención de violencia.	Conformación dun grupo de traballo con representación de diferentes actores da comunidade educativa (con acompañamento de ONGD).	1 ^{eiro} trimestre do curso.
	Análise do plan de convivencia actual, diagnóstico da convivencia no centro e elaboración do novo Plan de Convivencia cos valores propios da cultura dun centro educativo transformador para a cidadanía global.		2º trimestre do curso.



3.4 EN MARCHA! EXECUCIÓN E SEGUIMIENTO




Unha vez que teñamos o noso Plan de Acción (ou plan de viaxe, seguindo co noso símil), só nos queda poñernos en marcha, é dicir, poñer en práctica a planificación que acabamos de deseñar. É o grupo motor e/ou as persoas responsables de cada acción, quen se encargan de dinamizar a realización desta viaxe.

Mentres facemos o noso proceso, necesitamos levar un diario ou caderno de bitácora que nos permita dar seguimento ao que planificamos. É conveniente que creemos unha comisión ou grupo que se encargue de facer este seguimento. Pode ser o grupo motor que lidera o proceso, pero tamén podemos optar por crear un grupo novo que se encargue de ir recadando a información. É máis enriquecedor contar neste grupo coa participación dos diferentes actores da comunidade educativa: profesorado, equipo directivo, estudantes, familias, persoal non docente...

A periodicidade das reunións deste grupo, para valorar o realizado, será decidida en cada centro. Creemos que unha periodicidade quincenal sería óptima, pero haberá que axustala á realidade do grupo. É importante que, en todo o proceso, o equipo directivo participe ou, polo menos, que a relación sexa fluída, para poder resolver as incidencias que puideran xurdir. Ir facendo un «Diario de Viaxe» serviranos para ordenar a información que logo se compartirá con toda a comunidade educativa.

O seguimento continuo das diferentes accións presentadas permitiranos coñecer que está saíndo ben e que necesitamos mellorar, ademais de axudarnos a enfrontar os cambios e problemas que poidan xurdir ao longo da nosa viaxe.

Dinámica:



O noso Diario de Viaxe escríbese con cada folla de seguimento das accións planificadas. O grupo responsable do seguimento asegurará contar coa recollida desta información a medida que se vaian realizando as accións. Propoñemos a seguinte ficha como folla do Diario de Viaxe ([ferramenta 4](#)), que pode ser utilizada tal como está ou adaptada ás necesidades concretas do centro. É importante engadir unha pequena avaliación sobre o realizado.

3.5 A ONDE CHEGAMOS? QUE CONSEGUIMOS? CONTRASTE E AVALIACIÓN

Unha vez que rematemos de executar o plan de acción e tendo en conta a información recollida no seguimento, é importante analizar cales foron os logros alcanzados e que temos que seguir fortalecendo, o que nos levaría a iniciar un novo proceso, unha nova etapa a fin de seguir avanzando cara ao horizonte dos Centros Educativos Transformadores.

Para este contraste e avaliación propoñemos dúas opcións:

UNHA OLLADA RÁPIDA

A análise baséase na documentación obtida no seguimento do plan de acción.

Dinámica:

O equipo motor (xunto co equipo de seguimento, de terse constituído) revisa o Diario de Viaxe (fichas de seguimento e avaliación continua) fixándose en se se ten información de todo o realizado. Se faltara algo, anótase na ficha da acción correspondente. Posteriormente, sacamos conclusións respecto a como se avanzou como centro educativo transformador, as aprendizaxes e cambios. Pódese facer nunha reunión ou en varias.




UNHA OLLADA PAUSADA

A análise baséase na reconstrución do proceso vivido.

Dinámica:

É importante que toda a comunidade educativa estea representada, aínda que sexa o equipo motor quen lidere a sistematización do vivido. Propoñemos elaborar unha liña do tempo que recolla este recorrido de traballo que desenrolamos. Dun xeito gráfico, poderemos ver os grandes fitos do recorrido, as principais aprendizaxes, etc. (Ver liña de tempo, [ferramenta 5](#)).



Unha vez teñamos a información ordenada, poderemos sacar unha serie de aprendizaxes, recomendacións e conclusións sobre os avances realizados como Centro Educativo Transformador e, como dicíamos, atrevernos a volver a camiñar cara a unha nova etapa.



3.6. E CELEBRÁMOLO! COMUNICAMOS O AVANZADO PARA SEGUIR CATIVANDO

A culminación deste tipo de procesos de innovación educativa é un momento significativo na vida dun centro, polo tanto, é importante celebralo. Alegrámonos polo camiño recorrido e compartímo-lo con toda a comunidade educativa e coa nosa entorna, barrio/comunidade. É tempo de agradecer os momentos vividos e a todas as persoas que tomaron parte. Así cargamos as pilas para seguir avanzando cara ao horizonte de Centro Educativo Transformador para a Cidadanía Global.

É o momento de ir animando a máis persoas a unirse a este soño. Non nos esqueceremos, por tanto, de **comunicar e transmitir o traballo** realizado. Non debe quedarse só no grupo de traballo ou nas persoas que tomamos parte, senón que é necesario compartilo e socializalo a través de encontros, reunións, redes sociais, circulares, blog do centro, etc.

Cada centro elixirá como celebralo, pero sería bo que contemos con algún tipo de acto ou símbolo que resuma todo o traballado. Esta celebración tamén nos servirá para cohesionar á comunidade educativa e para sumar novos participantes na próxima viaxe. .




17

ferramenta 1

65

21 PREGUNTAS REFLEXIVAS PARA A REVISIÓN DOS TRAZOS DE CENTROS EDUCATIVOS TRANSFORMADORES



Presentamos un listado de preguntas reflexivas, que poden axudar para analizar e valorar cal é a situación respecto aos trazos de Centros Educativos Transformadores (ou que poden servir de guía para fixar novos horizontes de transformación educativa).

Estas preguntas son orientativas, cada centro pode elaborar as súas propias preguntas, segundo a súa realidade concreta e os intereses que o movan.

Agrupámolo polo trazo ao que correspondería cada pregunta, tendo en conta que algunhas delas poderían servir para responder a máis dun trazo.

A) PREGUNTAS RELACIONADAS COA CULTURA ORGANIZATIVA, REFERIDA A PRINCIPIOS, VISIÓN E VALORES

TRAZO 1: XUSTIZA GLOBAL E DEREITOS HUMANOS

- ➊ Promóvese que o alumnado desenrole un sentido ético e político da xustiza nas súas aprendizaxes dentro e fóra do centro?
- ➋ Preséntanse proxectos e propostas desde un enfoque de dereitos humanos e de xustiza social, é dicir, desde a convicción de que todas as persoas, en calquera lugar do mundo, teñen os mesmos dereitos?
- ➌ Foméntanse no centro accións orientadas á transformación social cunha ollada local e global?

TRAZO 2: EQUIDADE DE XÉNERO E COEDUCACIÓN

- ➊ Hai unha preocupación pola linguaxe inclusiva de xénero como elemento significativo na visibilidade das mulleres?
- ➋ Promove o centro relacións de equidade entre o alumnado, o profesorado e o resto das persoas que interveñen na vida do centro e a comunidade educativa?
- ➌ Promove o centro reflexións e actitudes que cuestionen os estereotipos de xénero?

TRAZO 3: INTERCULTURALIDADE E INCLUSIÓN

- ➊ Aléntase a que o alumnado valore a diversidade das diferentes identidades étnicas, relixiosas, lingüísticas, sociais, de capacidades, de xénero, etc. no día a día do centro?
- ➋ O centro educativo impulsa a diversidade como un enriquecemento da comunidade educativa, como principio (con independencia da súa cultura, relixión, diversidade de capacidades, etc.) e promove a igualdade de oportunidades tanto nas aprendizaxes como na práctica?



- ➊ Recoñece as múltiples identidades dos seus integrantes e impulsa dinámicas de participación inclusivas na aula e noutros espazos (recreo, patios...)?

TRAZO 4: PARTICIPACIÓN

- ➋ Até que punto se impulsa a participación do alumnado en procesos que atinxen á vida diaria do centro?
- ➌ O centro xera espazos e dinámicas de debate e de diálogo coa súa comunidade educativa para construír colectivamente o proxecto educativo?
- ➍ Inclúe no debate e no diálogo a diversidade de olladas (capacidades, cultural, relixiosa, étnica...) do centro?

TRAZO 5: DESEÑO SUSTENTABLE

- ➎ Avisa o centro compromiso polo coidado do medio ambiente tanto a nivel local como a nivel global?
- ➏ Desenrola un cambio de hábitos (consumo de alimentos, de enerxía, uso de materiais reciclados, impacto da pegada ecolóxica, etc.) para un desenvolvemento máis sustentable?
- ➐ O centro promove unha análise crítica sobre a vida humana e a súa acción responsable co planeta e as persoas?

B) PREGUNTAS RELACIONADAS COS TRAZOS DE CLAVES PEDAGÓXICAS E METODOLÓXICAS TRANSFORMADORAS

TRAZO 6: APRENDIZAXE SOCIO EMOCIONAL

- ➑ O centro educativo promove aprendizaxes das distintas dimensións da persoa (cognitiva, afectiva, social, emocional...) co alumnado e coa comunidade educativa?
- ➒ O centro educativo favorece prácticas educativas que faciliten o desenvolvemento de competencias socio afectivas: intelixencia emocional, os coidados, resolución de conflitos...?
- ➓ Úsanse metodoloxías lúdicas, teatrais, artísticas... que desenvolven os aspectos emocionais de forma creativa?

TRAZO 7: APRENDIZAXE SIGNIFICATIVA-EXPERIENCIAL

- ➔ O centro educativo desenrola contidos curriculares que teñan en conta a parte experiencial do seu alumnado e/ou doutros actores da comunidade educativa?
- ➕ Promóvense experiencias de achega e reflexión sobre diferentes realidades, tanto locais como globais, amosando a ligazón (emocional, social, cultural, político...) entre estas?
- ➖ Como se unen as consecuencias das nosas accións cos grandes retos globais (pobreza, desigualdade, destrución medio ambiental, etc.)?



TRAZO 8: METODOLOXÍAS CRÍTICAS, REFLEXIVAS E COLABORATIVAS

- Está orientado o currículo educativo e as prácticas educativas, para que o alumnado poida desenvolver as súas habilidades de participación, pensamento crítico, empatía, responsabilidade, etc.?
- Foméntase que o alumnado investigue/reflexione e contribúa coas súas opinións persoais á análise de cuestións de actualidade desde os vínculos entre o local e o global?
- O centro aposta polo traballo en todas as etapas educativas con metodoloxías que estimulen a participación e o traballo colaborativo?

TRAZO 9: PRÁCTICAS PARA A INCIDENCIA E A ACCIÓN TRANSFORMADORA

- Realízanse actividades de implicación social e política como centro educativo para a transformación? (posicionamentos ante realidades sociais, participación con organizacións sociais en reivindicacións, etc.)
- O centro entende a incidencia política como ferramenta para promover aprendizaxes e accións que promovan cambios na entorna?
- O centro planifica e organiza campañas de incidencia e sensibilización en colaboración co tecido asociativo local, con ONGDs...?

TRAZO 10: AVALIACIÓN QUE XERA APRENDIZAXE E MELLORA

- Aspira o centro educativo a unha cultura de aprendizaxe baseada na avaliación, sistematización e/ou investigación das prácticas e experiencias educativas?
- O profesorado entende e está familiarizado coa avaliación de procesos e non exclusivamente de resultados?
- Promóvense modos de avaliación diversos e significativos: autoavaliación, avaliación entre iguais, rúbricas, etc.?

C) PREGUNTAS RELACIONADAS COS TRAZOS DA PLANIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO

TRAZO 11: CURRÍCULO DE EDUCACIÓN TRANSFORMADORA PARA A CIDADANÍA GLOBAL

- No currículo do centro educativo intégrase a Educación Transformadora e para a Cidadanía Global (en canto a valores, metodoloxías, relacións)?
- Trabállanse contidos específicos da Educación Transformadora para a Cidadanía Global (grandes retos globais...) en diferentes módulos/materias?
- Establécense conexións entre temáticas que se traballan no currículo con temas da Educación Transformadora e para a Cidadanía Global?



TRAZO 12: A ETCG, PRESENTE EN DOCUMENTOS ESTRATÉXICOS

- ❶ Noméanse en documentos estratéxicos e operativos do centro (proxecto educativo, planificación estratéxica, plan de acción tutorial...) valores, contidos, obxectivos e propostas de Educación Transformadora e para a Cidadanía Global?
- ❷ Externamente, preséntase como centro onde se valora e traballa como fundamental a Educación Transformadora e para a Cidadanía Global?
- ❸ Hai algún membro do profesorado ou do equipo directivo responsable da Educación Transformadora e para a Cidadanía Global?

TRAZO 13: ORGANIZACIÓN PARTICIPATIVA E INTEGRADORA

- ❶ Participa o alumnado no desenvolvemento das normas do centro, a organización de actividades, a proposta de proxectos, etc.?
- ❷ Xera o centro espazos onde o alumnado e en xeral toda a comunidade educativa poida participar dunha maneira real na toma de decisións e propostas concretas?
- ❸ Existen estruturas e espazos dentro do centro educativo que promovan a participación das familias? E a outros actores da comunidade educativa?

TRAZO 14: ATENTO ÁS RELACIÓNS DE PODER E DE COIDADADO

- ❶ O centro educativo potencia as capacidades e o acceso aos recursos de todos os membros da comunidade educativa, con especial atención a aquelas persoas máis vulnerables ou con menos posibilidades de ser escoitadas?
- ❷ Preocúpase o centro do uso e reparto equitativo de espazos para todos os grupos do centro (mozas, mozos, persoas con diversidade funcional, afeccións minoritarias, etc.)?
- ❸ Promove espazos de encontro e empoderamento de todos os colectivos, especialmente dos máis vulnerables?

TRAZO 15: TRABALLO COA ENTORNA E EN REDE

- ❶ O centro educativo fomenta a participación e o intercambio de experiencias e aprendizaxes entre o profesorado do propio centro e doutros centros?
- ❷ O centro educativo promove relacións cos colectivos sociais, asociacións e administracións locais para levar a cabo propostas de construción de cidadanía global?
- ❸ Participan os e as estudantes (e o centro en xeral) en iniciativas comunitarias?

D) OUTRAS PREGUNTAS

A continuación, propoñemos unha serie de preguntas que poden servir a centros educativos /profesorado /comunidade educativa como referente para valorar en que punto se atopan do eido que estean traballando para alcanzar determinados trazos de Centro Educativo Transformador. Á súa vez poden servir como pistas de actuación:



Formación

- ❶ O centro educativo traballa ou participa nun plan de formación continua en Educación Transformadora e para a Cidadanía Global dirixido a toda a comunidade educativa?
- ❷ A formación que se ofrece ao profesorado recolle a perspectiva de Educación Transformadora e para a Cidadanía Global que o centro quere traballar?
- ❸ Ten o profesorado a posibilidade de propoñer e participar en accións de formación en Educación Transformadora e para a Cidadanía Global?
- ❹ Existen espazos de formación/sensibilización destinados á comunidade educativa (familias, ANPA, alumnado ou outros axentes) que traballen a conexión local-global dos problemas que nos afectan a todos e todas?
- ❺ Impúlsase a formación do profesorado no seguimento e avaliación integrais de todos os aspectos concernentes ao seu labor docente (prácticas educativas, seguimento e avaliación do alumnado e dos procesos que se levan a cabo, etc.)?

Materiais e recursos


- ❶ Dispón o profesorado de materiais e ferramentas axeitados ás súas necesidades para traballar os contidos e metodoloxías da Educación Transformadora e para a Cidadanía Global?
- ❷ Participa o profesorado na elaboración/adaptación deses materiais/ferramentas?
- ❸ Dispón o centro educativo dos suficientes recursos para que o alumnado de todas as etapas teña a posibilidade de traballar a ETCG a través das TIC?
- ❹ O profesorado dispón de materiais e recursos para abordar na aula temáticas relacionadas coa ETCG, adaptadas á súa materia e á realidade do seu alumnado? Cales?

Xeración de espazos de diálogo e coordinación

- ❶ No centro educativo posibilitanse espazos e momentos que permitan ao profesorado reflexionar conxuntamente sobre as accións educativas, temáticas, planificación, etc.?
- ❷ O equipo directivo e o claustro traballan conxuntamente no impulso da Educación Transformadora e para a Cidadanía Global no centro educativo?
- ❸ Foméntase no centro educativo a discusión e coordinación sobre actuacións e actividades entre profesorado e alumnado? E co resto da comunidade educativa?
- ❹ Promóvense espazos ou momentos de traballo conxunto entre o alumnado de diferentes etapas ou con alumnado doutros centros educativos?




FICHA DE PLAN DE ACCIÓN



Eidos	Trazo CET	Punto de partida	A onde se quere chegar	Fitos	Estratexias / accións para facer o recorrido	Equipo motor (responsables)	Período de realización




4/

DIARIO DE VIAJE
(SEGUIMIENTO)

Acción realizada (nome da mesma)		Fotografías
Lugar de realización		
Data(s)		
Nº de horas		
Perfil dos e das participantes (profesorado, estudantes, pais e nais...)		
Nº total de persoas		
Nº de homes		
Nº de mulleres		
Descrición breve		
A que trazo CET contribúe?		
Valoración-avaliación		
Alcanzamos algún fito previsto?		
Como está contribuíndo a alcanzar o destino ao que se quere chegar?		
Que cambios/ aprendizaxes está deixando no centro?, perdurarán no tempo?		



5/ ELEMENTOS PARA SISTEMATIZAR A EXPERIENCIA VIVIDA



Propoñémosvos unha ferramenta para sistematizar a experiencia vivida no centro, dun xeito sinxelo, para que vos permita contar a historia do proceso vivido. Non se trata dunha avaliación senón dunha recuperación das aprendizaxes adquiridas. Sistematizar é unha viaxe ao pasado, pero con proxección ao futuro, posto que implica a construción colectiva de aprendizaxes e recupera tanto o aprendido coma o sentido.

Un xeito sinxelo de definir unha sistematización sería como: «un proceso de construción dun discurso colectivo do vivido, sentido e experimentado, onde as aprendizaxes nutran as experiencias futuras»..

PARA COMEZAR PARTIMOS DE TRES PREGUNTAS CLAVE:

- ❶ Para que queremos facer esta sistematización? Con esta pregunta definimos o obxecto da nosa sistematización; no noso caso: avanzar como Centro Educativo Transformador.
- ❷ Que experiencia queremos sistematizar? Esta pregunta axúdanos a definir que experiencias educativas do centro queremos sistematizar, ou expresado doutro xeito, que aspectos queremos analizar, como poderían ser: a semana solidaria, o voluntariado con mozos, a campaña de Actúa con Coidados no centro...
- ❸ Que aspectos da experiencia nos interesan máis? Este sería o eixe da sistematización e, no noso caso, consistiría en incorporar os trazos de centros educativos transformadores, é dicir, que trazos podo identificar no centro, ou sobre que trazos quero avanzar na práctica diaria do centro.

PARA CONTINUAR NARRAMOS E ANALIZAMOS A NOSA EXPERIENCIA DE FORMA COLECTIVA:

Unha vez teñamos claridade do que queremos sistematizar, ou por que e o aspecto ou aspectos que queremos traballar, propoñémosvos dúas ferramentas para traballar a experiencia:

A liña do tempo: Contar a historia do proceso vivido

Trátase de facer unha reconstrución ordenada do que sucedeu na experiencia, tal como sucedeu, de forma cronolóxica, segundo o período delimitado. Permite ter unha visión global dos principais acontecementos e identificar os momentos significativos, as principais opcións realizadas, os cambios que foron marcando o ritmo do proceso e, deste xeito, chegar a localizar as etapas que seguiu o proceso da experiencia.



Como parte da recuperación do proceso débense identificar, de maneira descritiva, sen emitir conclusións ou interpretacións adiantadas (aínda que si poden irse anotando xa temas a afondar ou preguntas críticas que se traballarán nunha fase interpretativa):

- ➊ **Momentos:** hitos temporais e reflexivos importantes para o proceso.
- ➋ **Contextos:** dinamizadores e barreiras identificables.
- ➌ As **reaccións, opinións e emocións**, tanto as que se tiveron durante o desenvolvemento das accións, como as que van xurdindo neste proceso de reconstrución.

Esa historia incluíra ademais as seguintes **características da experiencia** seleccionada:

- ➍ Que se fixo? Con que obxectivos? Como? Por que? Cando? Quen? Con quen? De onde se partía? Cal foi a evolución? Cales eran as expectativas? Cal foi a valoración final? Que fixemos e con que obxectivos? Como se fixo?
- ➎ Tarefas definidas para a organización da actividade: coordinación previa, deseño de actividades, execución, adaptación de contidos, avaliación...
- ➏ Quen se encargou desas tarefas? Con que apoios se contou? Diferenciar xénero, idade e rol dentro da actividade.
- ➐ Coñecementos previos sobre a temática de persoas participantes.
- ➑ Como evolucionou a relación de colaboración con outros grupos participantes e instancias/institucións.
- ➒ Contidos que se abordan en actividade/proxecto e como evolucionaron. Por que foi importante modificalos, que se incluíu e que se quitou.
- ➓ Evolución de metodoloxías e ferramentas utilizadas. Por que se fixeron os cambios. Que se incluíu e que se quitou e por que.
- ➔ Expectativas, intereses, valores, soños das persoas participantes.
- ➕ Valoración cualitativa de participantes na actividade/proxecto: que lles achegou, que significou, etc.

Estes elementos anotaranse á marxe da liña de tempo da historia (como unha liña paralela, como notas ao pé, noutra columna...), de forma que sexa posible identificar a que momentos ou feitos corresponden, e ao mesmo tempo sexa posible diferenciarlos da reconstrución obxectiva do proceso. Faremos unha síntese gráfica para ter unha visión panorámica da vida da actividade/proxecto. Poder visionar o proceso axuda a entender cara a onde debuxamos o camiño.

Analizamos a nosa experiencia

Para a **fase interpretativa** podemos usar preguntas xeradoras, como por exemplo:

Que influencia tivo no contexto do centro educativo? Provocou cambios importantes? Que procesos se xeraron a partir das prácticas? Que dilemas e dificultades influíron no desenvolvemento do proceso e como se resolveron? O proceso vivido xerouche cambios a nivel persoal? A proposta que vos facemos para poder recoller a resposta a estas preguntas pódese reflectir no seguinte cadro:



Analizamos a nosa experiencia

Fito/actividade	Dificultades e retos identificados	Estratexias	Cambios que perduran	Impacto/cambio

Unha vez aclarados os momentos clave, as dificultades, como se resolveron, que funcionou e que debemos mellorar, chega o momento de definir que conclusións obtemos, que aprendizaxes e cales son as recomendacións para continuar avanzando no proceso:

Definimos as nosas CAR:

CONCLUSIÓN

- prácticas
- teóricas

APRENDIZAXES

que obtemos para as nosas prácticas futuras

RECOMENDACIÓN

que fariamos os demais para as súas prácticas


Elaboración, redacción e difusión do documento que recolle todo

Finalmente, é importante recoller todas as certezas, ideas e reflexións obtidas durante este proceso, e, para iso, recomendamos elaborar un documento que conte todo o proceso vivido e recolla as conclusións fundamentais da sistematización. Estas conclusións converteranse nos elementos claves para avanzar nos trazos de centros educativos transformadores.



6/

AVALIACIÓN



Todas as persoas estamos acostumadas a avaliar, sobre todo, no eido educativo.

Non podemos, por tanto, deixar de avaliar as experiencias e camiños recorridos no traballo de Educación Transformadora e para a Cidadanía Global. Temos que tomar o pulso ao que facemos neste eido, revisar o proceso, medir resultados e confrontalos co que nos propuxeramos (cos obxectivos que queremos conseguir, cos procesos que se pretenden levar a cabo e os proxectos propostos) e, coa avaliación, tomar decisións sobre se repetimos a experiencia, a melloramos, facemos cambios pequenos ou grandes e, así, estar en disposición de continuar dando pasos para converternos nun Centro Educativo Transformador e para a Cidadanía Global.

Para avaliar calquera práctica hai que ter en conta todos os factores que interveñen nela e que estarán descritos na proposta da experiencia, así como os obxectivos finais que queremos conseguir. É importante incluír indicadores de logro para que a avaliación poida ser obxectiva e sirva para poder definir o impacto da acción realizada, non co fin de puntuar e darlle un aprobado ou un suspenso, senón, sobre todo, para poder desenrolar propostas de futuro (mellorar, engadir, quitar, reformular...). Tamén é importante ter unha valoración inicial /avaliación inicial ou liña de base previa (igual que facemos con outros contidos, competencias e actividades) que nos axude a definir ben a onde queremos chegar e que nos axude na definición de como facer o camiño para chegar até alí.

6.1. PARA AVALIAR RETOMAMOS OS PASOS REALIZADOS, QUE AO FINAL É O QUE RECOLLE TODA A NOSA «TEORÍA» E TODA A NOSA «PRÁCTICA» DA PROPOSTA

Teoría

- 1/ Poñémonos a soñar: O que nos sustenta, valores, ideais, o mundo que soñamos...
- 2/ En que momento estamos: O noso contexto, a nosa realidade, as nosas dificultades, as nosas oportunidades, que persoas ou institucións están na nosa entorna...
- 3/ A onde queremos chegar:
 - resultados que queremos conseguir,
 - a estrutura que propoñemos, os procesos, actividades,
 - accións que imos realizar...

Práctica

- 4/ En marcha
- 5/ A onde chegamos
- 6/ E celebrámolo



6.2. A AVALIACIÓN TEN QUE ESTABLECER CANTO DA NOSA TEORÍA SE CUMPRIU NA NOSA PRÁCTICA

Para iso, preguntámonos que queremos avaliar, recordando que o que estamos reflexionando é se a práctica que desenrolamos está axudando e promovendo unha educación transformadora e que factores (propios ou do contexto) están limitando ou potenciando esa transformación. Para ver **que queremos avaliar**, o máis sinxelo é facernos preguntas e delimitalas a unhas poucas (3 ou 4) que sexan as de maior interese para as persoas implicadas. É importante que nos preguntemos **sobre os cambios que esperamos (resultados) e os procesos (actividades) que se desenrolaron** para conseguir os cambios, e que preguntemos a aquelas persoas que estean involucradas e que consideremos de interese (alumnado, profesorado, familias, organizacións ou institucións implicadas).

Son preguntas como:

- ❶ Estou favorecendo que os e as estudantes consoliden os coñecementos, habilidades e actitudes que debe ter un cidadán ou cidadá global?
- ❷ Estou desenrolando metodoloxías ou prácticas axeitadas e coherentes coa ETCG? En que podo mellorar?
- ❸ Como a estrutura que me rodea me axuda ou me dificulta a afondar a calidade das miñas prácticas, e por tanto os seus resultados? Hai cousas que podo aproveitar mellor?
- ❹ Até que punto algúns elementos do contexto (do propio centro, da entorna próxima, da realidade socio política, etc.) están afectando (para ben ou para mal) o que traballamos na aula-escola? Hai posibilidades para cambiar aspectos dese contexto desde as prácticas educativas?

Algunhas ideas prácticas para responder a estas preguntas poden ser:

- ❶ Preguntar ao alumnado: é importante ter a opinión dos propios protagonistas sobre aquilo que aprenderon, cambiaron, etc. Preguntámoslles xa sexa a través de enquisas/cuestionarios, ou doutras metodoloxías menos cuantitativas como entrevistas, reunións de grupos, etc. Pódese alternar entre preguntas directas ou resolución de casos, etc.
- ❷ Fichas de observación: dise que un xesto vale máis ca mil palabras. Por iso, considérase importante non só basear as conclusións no que as persoas din ou contestan cando se lles pregunta, senón complementar coa observación dos seus comportamentos e actitudes manifestas.
- ❸ Documentar anécdotas: ás veces, un exemplo ou unha situación que se dera pode ser a mellor evidencia do cambio (ou non), polo que tamén se ofrecen instrumentos para recollelas e que non se perdan na memoria.



6.3. REFLEXIONAMOS SOBRE AS RESPONSTAS E ELABORAMOS CONCLUSIÓN DE AVALIACIÓN

Non queremos poñer unha puntuación nin ver se a práctica tivo «éxito» ou «fracasou». O importante é a reflexión que fagamos desas preguntas, e que valoremos os avances dos cambios que queremos conseguir e as aprendizaxes que extraíamos, co obxectivo de manter ou aumentar a calidade e o impacto das nosas prácticas máis adiante.

Os procesos de cambio que promove a educación transformadora son procesos a longo prazo, que non teñen resultados e transformacións visibles de maneira rápida e que ademais teñen que ter moi en conta factores externos que facilitan ou traban ese proceso. As nosas accións contribúen ao cambio, pero dependen tamén de moitos factores que hai que ter en conta.

Que conseguimos?

Até onde chegamos nos obxectivos e cambios que queríamos?

Que temos que repetir, que temos que mellorar, que cousas novas temos que incorporar?



EPÍLOGO:

Unha proposta de innovación educativa, construída desde a práctica

Somos moitos educadores e educadoras, mestres e mestras, profes, persoas ligadas á educación desde a universidade, ONGDs, asociacións, centros educativos ou outras institucións quen desde fai tempo vimos traballando a Educación Transformadora e para a Cidadanía Global (ETCG) con nenos, nenas, adolescentes e mozos, ou desenrolando propostas de dimensión social ou programas de competencias sociais e cidadás.

A proposta que desenrolamos neste documento é o resultado dun traballo colaborativo entre diversas organizacións e o profesorado pertencente ás redes de cada unha das organizacións: Rede Transforma por InteRed, Rede Edukalboan de ALBOAN, Rede Solidaria de Mozos/as e Docentes de Entreculturas, e Rede de Educadores e Educadoras para a Cidadanía Global de Oxfam Intermón. Con elas e eles, promovéronse espazos de reflexión e xeración de coñecementos, puxéronse en valor as experiencias desenroladas polo profesorado no seu quefacer diario como docentes, e sentáronse as bases dunha guía de apoio e innovación no camiño cara á transformación do mundo.

Este traballo en rede tivo varias fases que enriqueceron a proposta desde diferentes perspectivas:

O punto de partida veu dado pola capacidade das organizacións para consensuar aqueles conceptos básicos, que compartían na súa experiencia de acompañamento ao profesorado e aos centros educativos en Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, con catro centros das redes de profesorado que permitiran extraer conclusións, a partir das súas propias experiencias, sobre as súas prácticas transformadoras e poder así xerar aprendizaxes para mellorar as súas prácticas futuras de ETCG.

Cando iniciamos esta viaxe, partiamos de dúas ideas fundamentais: favorecer o intercambio de experiencias entre as persoas e institucións implicadas; e fomentar a reflexión e comprensión por parte das persoas protagonistas das experiencias, combinando a práctica coa teoría. Co fin último de xerar aprendizaxes significativas.

Como resultado deste proceso xerouse un documento preliminar que trataba de definir que é a Educación Transformadora, que trazos a definen e como podemos incorporar esta ollada partindo das conclusións derivadas da sistematización. Preliminar porque no seu estado de borrador debía recibir achegas e contraste por parte do colectivo máis significativo deste convenio, o profesorado.

En canto ao profesorado e aos centros educativos que forman parte das redes que acompañamos, estes achegaron ao proceso desde:



- A sistematización de experiencias dos procesos desenrolados na súa vivencia de Educar para a Cidadanía Global en 4 centros educativos de España: Ulía Fidentia de Montemayor en Córdoba (InteRed), Colegio San Ignacio de Pamplona (ALBOAN), IES Pablo Picasso de Málaga (InteRed) e IES Vicent Andrés Estellés de Burjassot en Valencia (Entreculturas). Co proceso de sistematización, posibilitouse a reconstrución e recuperación da experiencia, así como a análise crítica desde a participación da propia comunidade educativa e, especialmente, do profesorado; a creación de coñecemento en cada centro educativo participante desde a propia práctica; o intercambio entre centros, a extracción de aprendizaxes compartidas significativas e a xeración de aprendizaxes comúns, para mellorar as súas prácticas en Educación para a Cidadanía Global. As conclusións extraídas da sistematización foron unha grande achega para o desenrolo da proposta exposta neste documento.
- Recollida de achegas e reflexións do profesorado das redes en diferentes reunións e encontros, tanto de cada rede por separado, como en espazos conxuntos.
- Equipo de Titulares de Centros Educativos (Pilar Blanco e Francisco Campos da Rede Transforma de InteRed, Florentino Hortelano, Esther Gutiérrez, Mercè Gil e Flor López da Rede de Educadores e Educadoras para a Cidadanía Global de Oxfam Intermón, Eva Rodríguez Salcedo, Clara Salanueva Beldarrain e Ana Vicente Marqués da Rede Edukalboan en ALBOAN, Amparo Muñoz Ferriol e Faustino Díez da Rede Solidaria de Docentes de Entreculturas).

Tamén houbo xornadas de reflexión compartida con outras organizacións, institucións e persoas que achegaron desde as súas propias experiencias, desde as súas reflexións e prácticas que axudaron a clarificar conceptos e propostas. Intercambiamos saberes e experiencias con persoas relevantes do mundo da educación, administración pública, axentes sociais e facilitadores, que contribuíron ao enriquecemento deste marco teórico-práctico: Oscar Jara Holliday (CEAAL-Consello de Educación Popular de América Latina e o Caribe), Alejandra Boni e Begoña Arias (Universidade Politécnica de Valencia), Eva M^a Morales e Vanesa Sánchez Maldonado (Altekio, Iniciativas para a Sustentabilidade) e Miguel Ardanaz Ibáñez (Educación Global Research) e Marian Pascual (coordinadora de ONGD de Navarra) responsable de Escuelas Solidarias de Navarra, a Fundación Gonzalo da Silveira e Fe y Alegría.

En canto ao persoal técnico das organizacións, contribuíuse desde a reflexión conxunta co profesorado, o acompañamento aos centros educativos na implementación práctica da proposta e na redacción do documento final, por parte de InteRed (Ana, Teresa, Isa, Willy, Justina, Guada, Marta, Julia, ...), de Alboan (Mari Tere, Carol, Álvaro, Ani, ...), de Entreculturas (Irene, Yeny, Carolina, ...) e de Oxfam Intermón (Anna, Begoña, Eli, Sonia, Carlos, ...)

Para concluír, temos que dicir que ao longo do proceso vivido estes catro anos, constatamos que a aprendizaxe mutua baseada en compartir experiencias, ideas, reflexións e utopías impulsan procesos de transformación, a nivel persoal e colectivo, encamiñados ao cambio desde a creatividade e a innovación. Pensar xuntas e xuntos a educación que queremos, permítenos, á súa vez, construír conxuntamente o mundo que desexamos para un ben común e para un futuro enraizado na sustentabilidade da vida e do planeta



OUTROS RECURSOS PARA SABER MÁIS



MOVIMIENTO POLA EDUCACIÓN TRANSFORMADORA E A CIDADANÍA GLOBAL:

www.educaciontransformadoraglobal.org

- Morales, M^a Eva, Sánchez Maldonado, Vanesa (Altekio, Iniciativas para la Sostenibilidad) (2016): «**Informe Final de acompañamiento al proceso de sistematización de Experiencias de educación transformadora y para la ciudadanía global de Centros Educativos**». Madrid. <http://www.educaciontransformadoraglobal.org/wp-content/uploads/2015/12/Sistematizaci%C3%B3n-Experiencias-Resumen-.pdf>
- Jara Holliday, Oscar (2016): «Dilemas y Desafíos de una Educación para la Transformación. Aproximaciones freirianas». Documento Reflexivo. Movimiento ETCG. <http://www.educaciontransformadoraglobal.org/wp-content/uploads/2015/12/DilemasDesafiosEducacTransform.pdf>

INTERED:

www.intered.org

- InteRed (2018): «**Pedagogía de los Cuidados. Aportes para su construcción**». <https://www.intered.org/recursos/la-pedagogia-de-los-cuidados-aportes-para-su-construccion>
- InteRed (2017): «**Jugar para conocer, conocer para transformar**». <http://www.educaciontransformadoraglobal.org/wp-content/uploads/2015/12/libro-ludopedagogia-AECID-copia.pdf>
- InteRed (2013): «**Educación para el Desarrollo y la Ciudadanía Global, EpdCG: Guía para su introducción en los centros educativos**». <http://www.educaciontransformadoraglobal.org/wp-content/uploads/2016/12/educacion-1.pdf>



ALBOAN:

www.alboan.org

- ALBOAN (2005-2016): «**Munduko Hiritarrok. Interculturalidad. Documento marco. Educación Infantil**». <http://www.educacion.alboan.org/es/materials/379>
- ALBOAN (2005-2016): «**Munduko Hitirarrok. Somos protagonistas de nuestro mundo**». http://www.educaciontransformadoraglobal.org/wp-content/uploads/2016/12/Doc-base_MH_Dere_ESO_2.pdf
- ALBOAN (2012): «**Educación para una Ciudadanía Global. Soñando con los pies en la tierra**». http://www.elankidetza.euskadi.eus/contenidos/informacion/estrategia_educacion/es_def/adjuntos/Educaci%C3%B3n%20para%20la%20ciudadan%C3%Ada%20ALBOAN.pdf

OXFAM INTERMÓN:

www.oxfamintermon.org

- Alejandra Boni, Estela López, Oxfam Intermón (2015): «**Herramientas para planificar y evaluar prácticas para una ciudadanía global**». <http://www.kaidara.org/es/Herramientas-para-planificar-y-evaluar-practicas-ecg>
- Oxfam Intermón (2013): «**Centros Educativos Transformadores, Ciudadanía Global y Transformación Social**». http://www.educacion-transformadoraglobal.org/wp-content/uploads/2016/12/CET_ES.pdf
- Oxfam Intermón (2013): «**Pistas para cambiar la escuela**». <http://www.kaidara.org/es/Pistas-para-cambiar-la-escuela>

ENTRECULTURAS:

www.entreculturas.org

- Entreculturas (2015): «**Promoviendo el cambio global desde la educación. Colección Aulas que cambian el mundo**». https://www.redec.es/sites/default/files/promoviendo_el_cambio_global.pdf
- Entreculturas (2014): «**Habilidades democráticas: derecho a la educación y a la participación ciudadana**». <https://www.redec.es/es/publicaciones/habilidades-democr-ticas-derecho-la-educaci-n-y-participaci-n-ciudadana>
- Entreculturas (2014): «**Habilidades democráticas: capacidades emocionales y sociales**». <https://www.redec.es/es/publicaciones/habilidades-democr-ticas-capacidades-emocionales-y-sociales>



NOTAS





educaciontransformadoraglobal.org

Con financiamiento de:

